



MEMORIA DE CALIDADE

Facultade de Ciencias da Comunicación

Curso Académico: 2021/2022

Índice

1. Introdución	2
2. Seguimento do Sistema de Garantía de Calidade e dos seus resultados	7
Directriz 1. Política e obxectivos de calidade.....	7
Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos	30
Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado.....	74
Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos	111
Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos.....	133
Directriz 6. Información pública	143
3. Plan de Melloras do centro	151
4. Modificacións nos diferentes títulos	165
5. Listaxe de evidencias e indicadores	166

1. Introducción

✓ **A Facultade de Ciencias da Comunicación acadou a ACREDITACIÓN INSTITUCIONAL con data 17 de decembro de 2019.**

O día 22 de novembro de 2019 remitiuse á Facultade, dende a Área de Calidade da USC, copia do certificado de avaliación da ACSUG respecto á implantación do Sistema de Garantía de Calidade do centro, que resultou favorable. Este proceso constitúe o maior recoñecemento institucional sobre o grao de implantación e de madurez do SGC no eido universitario europeo, e de xeito máis amplo, un avance na política de calidade para o conxunto da USC.

O informe da ACSUG, vinculante para o Consello de Universidades, órgano competente para ditar a resolución definitiva de acreditación institucional dos centros, segundo o establecido no Capítulo III do Real Decreto 420/2015, do 29 de maio, de creación, recoñecemento, autorización e acreditación de universidades e centros universitarios; asemade conlevou o pronunciamento favorable do Consejo de Universidades, quen emitiría a resolución definitiva.

Cómpre sinalar que a acreditación Institucional acadada supón a inscrición do centro como acreditado no Rexistro de Universidades, Centros e Títulos (RUCT), de forma que todos os títulos universitarios oficiais de Grao e Máster correspondentes que nel se imparten, incorporarán como data de renovación da acreditación no Rexistro de Universidades, Centros e Títulos, a correspondente á resolución de acreditación institucional ditada polo Consejo de Universidades, antes sinalada: **2019 (curso 2019-2020)**.

A renovación da acreditación institucional deberase levar a efecto antes do transcurso de cinco (curso 2023-2024) anos contados a partir da data de obtención da primeira resolución de acreditación, e realizarase un seguimento institucional transcorridos tres anos (2021-2022). Dado que a memoria que nos ocupa se redacta en 2023, convén dar conta de que a ACMP ven de informar ó equipo decanal que, no marco do proceso de seguimento da implantación do SGC, a ACSUG levará a cabo unha revisión documental -sin que isto implique visita ó centro-, polo que se deberá pór a disposición da citada Axencia a presente Memoria de Calidade, ao tempo que dar acceso ás evidencias xeradas polo SGC, as cales ser recollen a modo de listado no marco desta memoria. Asemade, a ACSUG procederá a comprobar o grao de implantación de cada unha das accións iniciadas tralo Informe de Certificación da Implantación do SGC, e como consecuencia do mesmo. **O citado plan de melloras 2020-2021, motivado en gran medida polo Informe de Certificación (2019), axúntase á Memoria de Calidade 2020, referida ó curso 2018-2019, e é de acceso público a través da web do centro.**

3. Plan de Melloras do centro

Adxúntanse este plan de melloras organizado en:

3.1. Plan de melloras da Facultade de Ciencias da Comunicación

3.2. Plan de melloras dos títulos

https://pro-assets-usc.azureedge.net/cdn/ff/1SwUuEreybJaBcH7bxF4SKhVG5vq5oma2jkl9WzLz4k/1635401097/public/documents/2021-09/Memoria-de-Calidade-CComunicacion-2018.2019.pdf_asinado-1.pdf

Ademais do anterior, a CCC celebrada con data 1 de marzo de 2021 elaboraría un Informe xustificativo, anexo a acta, de acceso público a través da web do centro, no que se recollen aquelas recomendacións realizadas polo comité avaliador a propósito do SGC do centro, ao tempo que se describen e se xustifican os termos nos que se materializaron as citadas recomendacións e, de ser o caso, se xustifica a imposibilidade de introducir con literalidade algunhas delas. En suma, este informe permite identificar, e polo mesmo, verificar que os aspectos indicados -sempre en termos de recomendacións- durante o proceso de certificación están enmendados, co propósito de informar aos diferentes grupos de interese, ao tempo que co propósito de argumentar as accións de mellora motivadas polas recomendacións procedentes da ACSUG. De igual xeito, e dado que as recomendacións se refiren aos manuais específicos do centro: Manual do SGC e Manual de Procesos, pode advertirse na web do centro a publicación de ambos manuais modificados en 2021 segundo as recomendacións que referimos, substituíndo deste xeito ós manuais previos de 2018.

- ✓ A Facultade de Ciencias da Comunicación, no marco da Convocatoria de Boas Prácticas de Calidade nos centros da USC, 2021, que realiza a Vicerreitoría de Calidade, obtivo o Recoñecemento de Boa Práctica nos termos que a continuación se indican:

Na sesión da Comisión de Calidade delegada do Consello de Goberno, celebrada o día 23 de decembro de 2021, acordouse recoñecer como Boa Práctica -A 2ª recoñecida desde 2019, ano en que se puxo en marcha esta convocatoria- a presentada pola Facultade de Ciencias da Comunicación co título de "Deseño, difusión e xeración de informes derivados da Enquisa propia

da Facultade de Ciencias da Comunicación sobre o desenvolvemento e a satisfacción do alumnado co Traballo de Fin de Grao en Comunicación Audiovisual e en Xornalismo".

Recoñecéronse un total de 12 iniciativas, das que soamente dúas corresponderon á Área de Ciencias Sociais e Xurídicas. As iniciativas premiadas foron incorporadas ao repositorio de Boas Prácticas sito na web da USC, ao tempo que a Facultade recibiu en 2021-2022 un incentivo de 1.000€.

<https://www.usc.gal/gl/institucional/goberno/area/calidade/docencia/boaspracticasrepositorio>

✓ **No marco do ciclo VSMA (verificación, seguimento, modificación e acreditación) a Facultade de Ciencias da Comunicación implantaría, durante o curso 2021-2022, os novos plans de estudos, conforme ás Memorias de Verificación modificadas correspondentes aos títulos de grao e máster que ofrece.**

Ditas actualizacións leváronse a cabo conforme ó contemplado no Manual de Procesos do SGC do centro, sobre a actualización do perfil de egreso, a consulta e medición da satisfacción dos diferentes grupos de interés e o seguimento dos programas por parte das comisións académicas. En consecuencia, a renovación das citadas memorias levouse a cabo segundo o contemplado en: **PC01.Análise do perfil de ingreso e captación; PC02.Planificación das ensinanzas; PC04.Desenvolvemento das ensinanzas; PC05.Análise de resultados e mellora dos programas; PE02.Revisión e mellora.**

Control de aprobación:

A Xunta da Facultade de Ciencias da Comunicación, na reunión do 3 de xullo de 2020, acordou aprobar as propostas de modificación do Grao en Xornalismo (G3031V01), Grao en Comunicación Audiovisual (G3041V01) e Máster Universitario en Xornalismo e Comunicación (P3381V01).

Data de aprobación en Consello de Goberno dos tres títulos: 24 de xullo de 2020.

Informe CS: 30 xullo de 2020 (os tres títulos)

IF ACSUG: 10 de maio de 2021 (os tres títulos)

Data de Resolución da verificación do Máster: 24 maio 2021 (ORDEN de 8 de xullo de 2021 pola que se autoriza a implantación de ensinanzas: Máster)

En consecuencia, durante o curso 2021-2022 púxose en marcha o primeiro curso do Grao en Xornalismo e o primeiro curso do Grao en Comunicación Audiovisual, en ambos casos en aplicación dun plan de estudos modificado. De maneira que alumnado de plans de estudos en extinción matriculado en materias pertencentes a cursos extintos -1º curso concretamente-, sin dereito a docencia, recibían indicacións precisas dos contidos suxeitos a exame, e recibían asemade atención tutorial a través do Campus Virtual da USC, tal como se lles informou en reunión mantida co equipo decanal.

✓ **A Facultade de Ciencias da Comunicación continúa contando, para o desenvolvemento do seu Sistema de Garantía de Calidade, coa seguinte estrutura:**

- O equipo de dirección do centro, á cabeza do cal se encontra a figura da **Decana** -elegida dende xuño de 2022-, comprometido co establecemento, o desenvolvemento, a revisión e a mellora do sistema de xestión da calidade. A este equipo correspóndelle, en primeira instancia, definir a planificación estratéxica do centro, o que se concreta no Plan Estratéxico de carácter quinquenal -na actualidade e, de xeito excepcional, rixe para o centro Plan Estratéxico 2020-2022 prorrogado, en agarda de que a USC requira a actualización do mesmo- e a Memoria de Calidade de carácter anual.

- A **Comisión de Calidade do Centro**, órgano que participa nas tarefas de planificación, desenvolvemento e seguimento do SGC, ao tempo que actúa como medio de difusión interna de tal sistema e dos seus logros.
- A **Responsable de Calidade** quen, entre as súas funcións, ocúpase de coordinar o funcionamento da antedita Comisión de Calidade.
- A **Comisión Académica e de TFG**, que vela polo funcionamento ordinario dos títulos de: Grao en Xornalismo e Grao en Comunicación Audiovisual, así como de Dobre Grao en Xornalismo e en Comunicación Audiovisual.
- A **Comisión Académica do Máster Universitario en Xornalismo e Comunicación Multimedia**, que fai o propio no caso do novo título de máster.
Advirtase que a Comisión Académica do Máster Universitario en Xornalismo e Comunicación desaparecería co título xa extinto.
- Os **coordinadores académicos responsables dos títulos** de Xornalismo, por unha banda, de Comunicación Audiovisual e de Dobre Grao en Xornalismo e en Comunicación Audiovisual, por outra, e finalmente a coordinadora do título de Máster Universitario en Xornalismo e Comunicación Multimedia.

✓ **De modo máis amplo, o ordenamento da Facultade de Ciencias da Comunicación concrétese no que a continuación se expón:**

- Desde o punto de vista da **oferta docente**: un abano de títulos que se materializa nun Grao en Comunicación Audiovisual, un Grao en Xornalismo, un Dobre Grao en Xornalismo e en Comunicación Audiovisual, e un Máster Universitario en Xornalismo e Comunicación Multimedia.
- Desde o punto de vista dos **órganos de goberno** do centro: unha Decana, dúas Vicedecanas (de estudantes e de calidade, respectivamente) e un Secretario académico. Así mesmo, unha Xunta de Facultade, da que deriva unha Comisión Permanente, ao tempo que toda unha serie de comisións delegadas: a Comisión Académica e de TFG, a Comisión Económica e de Infraestruturas, a Comisión de Normalización Lingüística, e a Comisión de Actividades Extracurriculares e de Xénero. Ademais destas, existen no centro outras comisións estables non delegadas da Xunta de Facultade, trátase da Comisión de Calidade, a Comisión Académica do Máster Universitario en Xornalismo e Comunicación Multimedia, a Comisión de Biblioteca e Mediateca, e a Comisión de Mobilidade.
- Desde o punto de vista das **normas** de referencia para o **funcionamento interno**: a Facultade réxese polas normativas xerais da USC e, particularmente, polo seu Regulamento de Réxime Interno, cuxa última actualización foi aprobada en Xunta de Facultade o 31/03/2016; ratificado polo Consello de Goberno o 3/05/2016. Así mesmo, deben considerarse as Memorias Verificadas dos graos en Comunicación Audiovisual e en Xornalismo, e do Máster Universitario en Xornalismo e Comunicación Multimedia (as últimas memorias modificadas están en vigor dende 2021). Os 3 Regulamentos propios dos TFGs de cada un dos títulos: Comunicación Audiovisual, Xornalismo e Dobre Grao, aprobados en Consello de Goberno o 19/07/2018. E por último, o Manual do Sistema de Garantía de Calidade e o Manual de Procesos do Sistema de Garantía de Calidade que acompaña e desenvolve o anterior (aprobado en Xunta de Facultade o 10/05/2021).

- ✓ En aplicación do *PE-02 Revisión e mellora* aprobado en Xunta de Facultade ó 4 de xuño de 2018, o procedemento de elaboración da presente Memoria de Calidade concreouse no seguinte:

Considerando que as comisións Académica e de TFG, por unha banda, e Académica de Máster Universitario en Xornalismo e Comunicación Multimedia, por outra, nas reunións do 15 de Maio de 2023, de acordo co proceso *PC-05 Análise de resultados e mellora dos programas*, abordaron os indicadores correspondentes aos títulos anteriormente referidos e trasladaron á Comisión de Calidade, as áreas de mellora detectadas e as propostas de accións a adoitar. Todo o anterior quedaría plasmado na Memoria de Calidade de cuia elaboración se encargaría a **Comisión de Calidade**, a cal en reunión do día 15 de Maio de 2023 daría traslado de dita memoria á ACMP para a súa revisión técnica. Con posterioridade, unha vez recibido, con data 29-06-2023, o Informe técnico sobre a Memoria de Calidade da Facultade de Ciencias da Comunicación correspondente ao curso 2021-2022, a Xunta de Facultade celebrada con data 14 de Xullo de 2023 procedería á súa aprobación.

2. Seguimento do Sistema de Garantía de Calidade e dos seus resultados

Directriz 1. Política e obxectivos de calidade

Estándar: o centro dispón dunha política e obxectivos de calidade que atenden ás necesidades e expectativas dos diferentes grupos de interese e se despregan por medio dun SGC estruturado como un proceso sistemático e cíclico que contempla os catro elementos do ciclo de mellora: planificar, desenvolver, analizar e actuar (mellorar) e inclúe mecanismos para a súa revisión e mellora continua.

Aspectos a contemplar:

- A vixencia da Política de Calidade.
- A evolución e grao de cumprimento do Plan Estratéxico do Centro, se é o caso.
- A evolución e grao de cumprimento dos obxectivos de calidade do centro.
- A evolución do proceso de elaboración desenvolvemento e seguimento do Plan de Melloras Anual do Centro (as accións de mellora terán un apartado específico, pero neste apartado debe valorarse se o SGC permite introducir melloras nos títulos, se se realiza correctamente o seu seguimento, se foron eficaces e conseguiron os obxectivos formulados, e se inclúen as recomendacións dos diferentes procesos de verificación, modificación, seguimento e acreditación).
- No caso de títulos interuniversitarios ou títulos que se imparten en varios centros da universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes.
- A vixencia e adecuación dos procesos, procedementos e documentación do SGC. Necesidade, se é o caso, de realizar cambios na xestión do Sistema de Garantía de Calidade.
- A adecuación e eficacia dos mecanismos de recollida de información de satisfacción, queixas, reclamacións, suxestións, necesidades e expectativas dos grupos de interese.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

○ Política de Calidade:

Con data 22 febreiro de 2018 a Universidade de Santiago de Compostela levou a cabo unha revisión e conseguinte simplificación documental no marco do SGC tanto institucional, como dos diferentes centros, que se sustanciaría na supresión do seu Manual institucional extenso, ao tempo que o Manual de procesos e procedementos, ambos dende ese momento obsoletos. Consecuencia do anterior, o 4 de xuño de 2018 a Xunta da Facultade de Ciencias da Comunicación procedería a aprobar a modificación da documentación na que se sustenta o seu Sistema de Garantía de Calidade, actualizando o Manual do SGC do centro e asumindo un novo Manual de trece Procesos no cal se incorporaron aspectos específicos do noso centro.

En 2019, tras acometer o proceso de Acreditación Institucional do centro, recibindo da ACSUG o Informe favorable de Certificación da Implantación do SGC do centro (30/07/2019), **ambos manuais serían reformados incorporando** os axustes que, en forma de **recomendacións de mellora**, realizara a Axencia. A aprobación dos **manuais, tanto do SGC como de Procesos e Procedementos**, levouse a cabo pola Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno o 24/05/2021.

Pola súa banda, en 2021-2022 continou en vigor o Plan Estratéxico prorrogado (2020-2022), en ausencia da Programación Plurianual da Facultade (2015-2020), a cal, como xa se recolleu na Memoria de Calidade 2022, non foi renovada en aras da síntese e adelgazamento da documentación do SGC, e sempre debido á non obrigatoriedade de realizar a mesma, dado o carácter substitutivo do Plan Estratéxico e dos Plans anuais de Mellora.

Cabe salientar que, dende o 12 de maio de 2022, a Facultade de Ciencias da Comunicación conta con nova decana, quen no discurso de toma de posesión, diante da comunidade universitaria, salientaba o reforzo do SGC do centro como unha das liñas estratéxicas do seu mandato. Así, asumía como marco de referencia a política de calidade da USC, para o desenvolvemento e execución da política

de calidade propia do centro, mantendo para elo o vicedecanato específico de calidade e sinalando como principal obxectivo a revalidación da Acreditación institucional mediante unha xestión baseada nas directrices de calidade.

o **Plan Estratéxico e obxectivos estratéxicos:**

A Facultade de Ciencias da Comunicación conta cun Plan Estratéxico prorrogado 2020-2022. Dita prórroga enmárcase nunha decisión institucional en virtude da cal a USC outorgaba esta posibilidade ós centros que, xustificadamente, consideraran plausible esta posibilidade, no canto de renovar íntegramente o seu Plan Estratéxico, unha vez chegado ó límite do seu período de vixencia.

O equipo directivo da Facultade de Ciencias da Comunicación e a súa Comisión de Calidade, tras realizar unha diagnose estratéxica da situación na que se encontraba o centro, desde o punto de vista da planificación estratéxica, contemplou os seguintes aspectos, que permitiron estimar a vixencia das expectativas de planificación plasmadas no Plan Estratéxico 2015-2020.

Así pois, considerando a situación interna da Facultade de Ciencias da Comunicación e da súa contorna, a CCC propuso centrar os esforzos na consolidación dos Eixos principais, liñas, obxectivos e accións estratéxicas contidas no Plan Estratéxico 2015-2020, as cales aínda que na súa meirande parte estaban consolidadas, non adoecían de esgotamento.

Considerando, asemade, a información de que dispón o centro sobre a evolución dos indicadores presentes no citado Plan Estratéxico e sobre os grupos de interese implicados, facilitada tanto pola ACMP como a través das enquisas propias e das numerosas reunións co sector profesional.

En atención ó que vimos de sinalar, tal como se contempla no documento de xustificación da prórroga do plan estratéxico (adxunto á reunión correspondente da CCC), e no propio Plan Estratéxico prorrogado, damos conta a continuación das accións estratéxicas concretas que en 2021-22 foron concluídas, ou están aínda por desenvolver:

- o Vinculada ao [Obxectivo estratéxico 1.4.] Mellora das prácticas de xestión, con especial atención a aquelas que atinxen ao alumnado. [Acción 1]: Organizar un sistema de recollida de experiencias, ideas, suxestións procedentes da comunidade universitaria que integra o Centro, en concreto, daqueles que tiveran coñecido outras realidades universitarias, algún de cuxos aspectos definitorios poida ser incorporado á dinámica de xestión do Centro / Equipo Decanal.

Acción materializada: A través das redes sociais, concretamente en Instagram, a sección Alumni está destinada a que os egresados dos títulos expoñan as súas experiencias profesionais.

<https://www.instagram.com/stories/highlights/17979756424643186/>

Ademais do cal, púxose en marcha unha sección na que o persoal técnico da Facultade realiza recomendacións e suxestións para o alumnado sobre equipamento, actividades prácticas. Tamén dende a Biblioteca do centro.

- o Vinculada ao [Obxectivo estratéxico 1.5.] Apoiar e divulgar o labor investigador que se desenvolve no Centro. [Acción 2]: Organización de dúas xornadas informativas anuais: unha delas destinada ao alumnado de 4º curso con opción a realizar Traballo de Fin de Grao, sobre as liñas de traballo dos docentes dos títulos; a outra, destinada aos recién titulados, sobre os grupos de investigación e as súas liñas de traballo, así como das posibilidades de incorporación aos mesmos / Departamento, Equipo Decanal.

Acción materializada: A través das redes sociais do centro, concretamente en Twitter, Instagram e Facebook, difúndese a actividade dos grupos de investigación GEA, Novos Medios, así como da Cátedra RTVE. Véxase, seguidamente, unha mostra:

Facultade de Ciencias da Comunicación Siguiendo
499 Tweets

Facultade de Ciencias da Comunicación @facom_usc · 7 mar.
Presenta a túa candidatura antes do 27 de marzo 📌

- 📺 Grava un vídeo de 30 segundos en inglés explicando que é para ti Europa
- 📄 Cubre o formulario de inscrición que tes na web
- ✉ Envía o vídeo e o formulario por wetransfer a cinema@numax.org
- 📄 Info: i.mtr.cool/ihkuxbqndr

🗨 1 📊 142 📤

Facultade de Ciencias da Comunicación retwiteo **estudios_audiovisuais @GEA_USC** · 6 mar.

🎥 Comezamos o CO(M)XÉNERO 8: Videoensaio, Cinema menor? Seminario do @GEA_USC na @facom_usc

A Catedrática Margarita Ledo presenta a Ana Mejón (@uc3m), con: 'A experiencia #tecmerin de videoensaio'

#gea #usc #comxenero #videoessay



🗨 1 🔄 3 ❤ 10 📊 624 📤

Novos Medios @NovosMedios · 16 feb.

Arrancamos la reunión entre Novos Medios y el Grupo de Estudios sobre Periodismo y Comunicación 🔗

Nuestros invitados de Málaga nos presentan el proyecto de investigación USINRED 📄



🗨 1 🔄 2 ❤ 11 📊 910 📤

Facultade de Ciencias da Comunicación - USC
5 de mayo

Anota na axenda! 📌

Se che interesa a innovación e queres coñecer de primeira man o que se está a facer no **Lab RTVE**, este luns tes a oportunidade de asistir á conversa con Juan Manuel Cuéllar, subdirector do Laboratorio de Innovación Audiovisual de RTVE.

Juan Manuel Cuéllar estará presencialmente na Facultade de Ciencias da Comunicación da Universidade da Coruña, nunha sesión organizada pola Cátedra UDC Velgasa-Eroski, coa colaboración da Cátedra RTVE-USC.... Ver más

AXENDA

Conversa con Juan Manuel Cuéllar (Lab RTVE) sobre innovación en Comunicación

CÁTEDRA UDC VEGALSA - EROSKI
Compromiso social
Comunicación
Reputación corporativa

CÁTEDRA RTVE-USC
SOBRE MEDIOS DE SERVIDO PÚBLICO EN EUROPA

COMversacións

Ciclo de conversas sobre **COMUNICACIÓN**

Propuestas de innovación en Comunicación
El LAB de RTVE
Juan Manuel Cuéllar
Subdirector Laboratorio Innovación Audiovisual RTVE

LUNS 8 DE MAIO | 11:00 | AULA 3

AXENDA

A FaCom acolle un encontro científico centrado na innovación

13 Y 14 DE OCTUBRE DE 2022

ENCUENTRO CIENTÍFICO DE GRUPOS DE INVESTIGACIÓN:
TEJER REDES ALREDEDOR DE LA INNOVACIÓN

PARTICIPAN OS EQUIPOS DE TRES PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN

- o Vinculada ao [Obxectivo estratéxico 3.1.] Vincular algúns dos intereses da FCCº ao ámbito empresarial e institucional destinatario tanto dos nosos titulados, como de grande parte da nosa tarefa investigadora. [Acción 2] Elaborar un plan de comunicación destinado a favorecer a participación de empresas e institucións, así como de asociacións e colexios profesionais, en eventos organizados polo Centro e/ou polo Departamento / Equipos Decanal e Departamental.

Acción materializada: O actual equipo decanal ven de implementar un plan de comunicación en redes sociais, no marco do cal desenvólvense os seguintes eixos:

- o Propiciáronse **visitas de profesionais** ó centro para realizar charlas e debatir co alumnado: José Luis Gómez (Director de Mundiario); Marcos Méndez (Reporteiro de guerra destinado a Ucraña); Ignacio Escolar (Director de eldiario.es); Íñigo Caínzos (Xornalista de La SER); ou José Pereira (Director da Área de Innovación e negocio-CRTVG).

Vía de difusión: https://www.instagram.com/facom_usc/

- o Realización de **obradoiros con profesionais**: Ser, Gabinete de Comunicación da marca "Roberto Verino".
- o Tarefas de **difusión** de entidades profesionais no centro: Presentación do libro de estilo de "La Voz de Galicia".
- o Vinculada ao [Obxectivo estratéxico 4.1.] Transmitir unha imaxe da FCCº que dea conta do seu potencial na sociedade actual. [Acción1] Elaborar un Plan de Comunicación Externa da FCCº capaz de proxectar unha imaxe corporativa que xestione a reputación social do Centro / Equipo Decanal, Equipo Departamental, Comisión de Calidade do Centro.

Acción materializada a través de Instagram, na que se visibilizan os galardóns, recoñecementos, recibidos polo PDI e polo alumnado (Premios Mestre Mateo, premio ó mellor TFG, etc.), o que permite recoñecer o refrendo profesional e/ou académico do labor de formación levado a cabo no centro.

Deste xeito, a Facultade tería materializado integramente as accións estratéxicas comprometidas no Plan Estratéxico prorrogado (2020-2022).

- o **Plan de accións de mellora dos títulos/do centro 2021/2022:**

O Sistema de Garantía de Calidade do centro habilita unha serie de encontros periódicos, nomeadamente a través das Comisións de Títulos, así como da Comisión de Calidade, ou as xuntanzas propias da coordinación docente, destinados a reflexionar e valorar os logros e os déficits na marcha anual das ensinanzas impartidas ao amparo deste centro, grazas ao nutrido abano de indicadores que suministra a ÁCMP da USC, aos que se engaden aqueloutros xestionados polo centro, así como das recomendacións realizadas periodicamente pola ACSUG, a última das cales se realizou en virtude da certificación da implantación do SGC. Velaquí en que se concreta o seguimento dos títulos, interno e externo, que determina o SGC. Como resultado deste seguimento procédese a elaborar o Informe de resultados no primeiro trimestre do ano natural, no que están contidas a maioría das accións que formarán parte do Plan anual de melloras do centro, cuxo confeccionamento rematará xunto co remate da Memoria de Calidade. Este plan inclúe unha miríada de accións destinadas á mellora dos títulos de grao e de máster, ao tempo que as accións de centro, de ser o caso. De cara a expoñer o nivel de consecución dos obxectivos formulados ao amparo das distintas accións comprendidas no plan 2021-2022, seguidamente evidenciamos cáles e cantas destas accións foron xa executadas, polo tanto, o estado das mesmas:

Plan de Accións de Mellora 2022-2023

ID: MUXC (2022-2023)-01

- o Obxectivo estratéxico: 3.1. Vincular algúns dos intereses da FCCº ao ámbito empresarial e institucional destinatario tanto dos nosos titulados, como de grande parte da nosa tarefa investigadora.
- o Indicador: IN19M-Satisfacción dos estudantes coas prácticas externas.
- o Meta: Identificar as causas do descenso no grao de satisfacción coas prácticas e, de ser o caso, reestructurar o programa de prácticas, aumentando a satisfacción (por enriba de 3/5).
- o Executada: O centro reorganizou a oferta de prácticas para o alumnado do máster, a quen se informa durante o acto de benvida, co obxectivo de multiplicar as súas opcións de realización de prácticas externas. Así o alumno pode optar por unha

das 3 modalidades de prácticas externas: 1. Promoción dun convenio cunha empresa/institución a título particular, isto é, a petición do alumno interesado. 2. Acceso ao listado de convenios vixentes e, a través da Oficina de Xestións de Prácticas do centro, solicitar unha praza de prácticas en particular. 3. Acceso pola vía ordinaria.

- Eficacia: O indicador IN19M. Satisfacción dos estudantes coas prácticas externas, no marco do MUXC, tivo un valor de 3 sobre 5 durante o curso 2020-2021 e, trala aplicación da acción de mellora xa no novo máster Máster Universitario en Xornalismo e Comunicación Multimedia, o IN19M tivo un valor de 3,89 durante o curso 2021-2022.

ID: CAV-01 (2022-2023); XOR-01 (2022-2023); DGXCAV-01 (2022-2023)

- Obxectivo estratéxico: 1.4. Mellora das prácticas de xestión (dos títulos), con especial atención a aquelas que atinxen ao alumnado.
- Enquisa propia de Desenvolvemento e Satisfacción co TFG.
- Meta: Estimular a participación dos estudantes dos títulos na Enquisa (>50%) e incrementar a satisfacción co desenvolvemento do TFG.
- En execución: Acción planificada para levarse a cabo nas tres convocatorias de defensa do TFG no centro (febreiro, xuño, setembro), de xeito que o Coordinador do TFG insta ó alumnado en disposición de realizar a defensa a que cubra a citada enquisa. Ao tempo que a coordinación dos títulos ten programada unha reunión co PDI destinada a alentar ó profesorado para que coiden especialmente o bo desenvolvemento das tarefas de titorización, e para que ese mesmo coidado se traslade ás comisións xulgadoras, no que atinxe ó seu labor.
- Eficacia: No caso do Grao en CAV a eficacia sería só parcial, dado que aínda que a participación se incrementou pasando de 9,30% (2020-2021) a 23,40% (2021-2022), non se acadou o 50%. No tocante á satisfacción acadouse integramente, pasando dun 2,92 sobre 5 (2020-2021) a un 3,80 (2021-2022). No caso de Xornalismo, na participación houbo un descenso do 31,17% en 2020-2021, a 20,97% en 2021-2022; mentres que a satisfacción incrementouse lixeiramente pasando de 3,31 sobre 5 en 2020-2021, a 3,58 en 2021-2022. No caso do Dobre Grao, o descenso afectou tanto á participación como á satisfacción, no primeiro caso pasouse de 36,36% (2020-2021) a 12,50% (2021-2022), e de 3,58 (2020-2021) a 3,33 (2021-2022). Dados os resultados, a decana nomeou a un responsable específico da coordinación do TFG, de cara a impulsar tanto a participación como a detección de posibles dificultades no desenvolvemento do TFG e subsanación das mesmas.

ID: CAV-02 (2022-2023); XOR-02 (2022-2023); DGXCAV-02 (2022-2023)

- Obxectivo estratéxico: 3.2. Incrementar e, no seu caso, fornecer as relacións de colaboración con outras universidades españolas e estranxeiras.
- Indicador: IN08G- Porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados.
- Meta: Visibilizar ó alumnado extranxeiro de novo ingreso e mellorar o labor de promoción dos títulos.
- En execución: O vicedecanato de estudantes está a buscar maior presenza, con material audiovisual, nas accións institucionais promotoras dos títulos da USC. Ademais do cal, no marco das redes sociais do centro, realízase a promoción dos títulos mediante pezas videográficas elaboradas por alumnado e egresados dos mesmos. O alumnado titor está levando a cabo un censo en 1º curso dos títulos de grao e do Dobre grao, como acción piloto, de cara a identificar ó alumnado estranxeiro que, na sección de Matrículas da USC, non é posible discernir.

ID: CAV-03 (2022-2023)

- Obxectivo estratéxico: 1.4. Mellora das prácticas de xestión (dos títulos), con especial atención a aquelas que atinxen ao (rendemento do) alumnado.
- Indicadores: IN51G-Taxa de idoneidade na graduación
- Metas: Incrementar a Taxa ata acadar o 80%.
- En execución: Véñense de incrementar os recordatorios que, tanto por correo electrónico, como polo Campus Virtual, se destinan ó alumnado en disposición de realizar a defensa do TFG. Tamén ó PDI de cara a ter presente a citada taxa.

ID: CAV-04 (2022-2023)

- Obxectivo estratéxico: 3.1. Vincular algúns dos intereses da FCC^o ao ámbito empresarial e institucional destinatario tanto dos nosos titulados, como de grande parte da nosa tarefa investigadora.
- Indicador: IN22G. Porcentaxe de estudantes egresados nun curso académico que ao longo dos seus estudos realizou as prácticas en empresas e institución.
- Meta: Incrementar a porcentaxe de egresados que ao longo dos seus estudos se incorporou ao Programa de Prácticas Externas do centro (>70%).
- Executada: Levouse a cabo unha campaña de concienciación entre o alumnado do centro, a través de redes sociais (INSTAGRAM, TWITTER, LINKEDIN) incidindo na conexión entre prácticas externas e inserción laboral.
- Eficacia: Aínda que o valor do indicador IN22G se incrementou, pasando de 39,53% (2020-2021) a 42,55% (2021-2022), non se acadou a porcentaxe proposta, isto é, un 70%. Considérase que se pode alongar este sistema de difusión do programa de prácticas un curso académico máis, entendendo que o carácter progresivo do incremento, permite dar unha certa continuidade á acción de mellora.

ID: MUXC-02 (2022-2023)

- Obxectivo estratéxico: 1.4. Mellora das prácticas de xestión (dos títulos), con especial atención a aquelas que atinxen ao (satisfacción de) alumnado.
- Informe de satisfacción do alumnado coa titulación
- Metas: Mellora de resultados da Enquisa de Satisfacción do Alumnado coa Titulación. Mínimo 3 puntos. En especial no ítem relativo á xestión do TFM, orientación laboral e oferta de prácticas.
- Executada: Co obxectivo de equiparar a sistemática da oferta de TFM á do TFG, informouse ó alumnado de que 1º. A coordinación do máster elaboraría, previa consulta ó PDI do título, unha relación de liñas disciplinares e temáticas que se ofrecería ó alumnado do máster coa finalidade de que realice unha escolla; 2º. Axustouse o cronograma de escolla por parte do alumnado, tanto de liña como de tema, de cara a que este se familiarice cos docentes e a as distintas sistemáticas de traballo.
- Eficacia: Si realizamos a comparación entre os valores que arroxa a Enquisa de Satisfacción do alumnado coa titulación en 2020-2021, 2,96 valor total, e 2,60 valor da xestión do TFM, e o valor do IN42M-Grao de satisfacción xeral dos egresados coa titulación, este último relativo ao novo máster en Xornalismo e Comunicación Multimedia, que é 3,55 (2021-2022); apréciase un incremento importante. Advírtase, porén, que se trata de dous másteres distintos, aínda que esencialmente moi similares, e advírtese igualmente que nun caso a ACMP puxo a disposición dos centros unha enquisa na que podíamos desglosar o ítem relativo á satisfacción co TFM, mentres que en 2021-22 soamente dispoñemos do valor do indicador correspondente, ao que non se acompaña de informe da enquisa de satisfacción de onde se extrae dito valor.

ID: CAV-05 (2022-2023); XOR-03 (2022-2023); DGXCAV-03 (2022-2023); MUXC-03 (2022-2023)

- Obxectivo estratéxico: 3.2. Incrementar e, no seu caso, fornecer as relacións de colaboración con outras universidades españolas e estranxeiras.
- Indicador: IN17G- Porcentaxe de estudantes enviados pola USC a programas de mobilidade sobre o total de matriculados. IN18G- Porcentaxe de estudantes recibidos pola USC de programas de mobilidade sobre o total de matriculados.
- Meta: Incrementar ambas porcentaxes, tanto a de mobilidade entrante como a de mobilidade saínte.
- Executada: Realizouse unha campaña promocional (en especial a través de redes sociais) no centro animando a participar no programa de mobilidade, ao tempo que, tamén a través de redes sociais, nos centros universitarios obxecto de convenio, animando ao alumnado foráneo a integrarse nas ensinanzas que ofrece o centro.


- Eficacia: No caso do Grao en Comunicación Audiovisual, IN17G é un indicador sin datos explotados dende o curso 2017-2018 (3,88%), mentres que si podemos falar de eficacia da acción de mellora no caso de IN18G, dado que a porcentaxe de estudantes recibidos pasou de 4,11 (2020-2021) a 8,52 (2021-2022). No caso do Dobre Grao acontece o mesmo para o IN17G e, no caso do IN18G non se contabiliza, xa que o alumnado de mobilidade entrante elixe materias de Xornalismo ou de Comunicación Audiovisual, logo computa como alumnado de algún destes títulos. No caso do Grao en Xornalismo, sobre IN17 non hai datos dende o curso 2017-2018, mentres que o IN18G tiña un valor de 1,86 en 2020-2021 e de 4,98 en 2021-2022. No caso do máster, non hai mobilidade no caso destes títulos.

ID: MUXC-04 (2022-2023)

- Obxectivo estratéxico: 1.2. Mellora da coordinación docente, axilizando en concreto os procedementos de acción conxunta entre o Equipo decanal, a Comisión de Calidade do Centro, os Coordinadores de títulos e o equipo docente.
- Indicador: IN41M-Taxa de abandono RD 1393/2007
- Meta: Detectar e reorientar ó alumnado en risco de abandono.
- Executada: A coordinación do título realiza un seguimento online e offline de todo o alumnado, de xeito periódico, sendo un dos obxectivos detectar e actuar sobre o alumnado en risco de abandono potencial, reorientando os intereses de formación cara o título.
- Eficacia: IN41M tiña un valor de 31,58 (2020-2021) e pasou a ser de 3,45 (2021-2022). Polo que podemos apreciar a eficacia da medida.


- **Vixencia e adecuación dos procesos, procedementos e documentación do SGC:**

Con data 30 de xullo de 2019, a ACSUG emitía o Informe da certificación da Implantación do Sistema de Garantía de Calidade da Facultade de Ciencias da Comunicación. A valoración da Comisión Avaliadora foi FAVORABLE. Tratábase do recoñecemento da adecuación dos procesos, procedementos e documentación do SGC do centro, no cal se recollían, asemade, Recomendacións para a Mellora. Ditas recomendacións foron incorporadas ao Plan de Accións de Mellora do Centro 2020-2021 (**accesible na web do centro en carpeta anexa á Memoria de Calidade**), ao tempo que a CCC -en reunión celebrada o 1 de marzo de 2021- procedeu á aprobar a modificación da documentación do SGC, consonte ó citado Plan de accións de mellora; polo que o Manual do SGC da Facultade de Ciencias da Comunicación modificado, e o conseguinte Manual de Procesos e Procedementos da FComunicación modificado, están vixentes dende 2021.



Calidade > Documentación do SGC > Memorias do Centro

Nome	Modificado	Modificado por	Temas de tabol...
Plan de Melloras 2020,2021	18 de xaneiro	Blanco Alvarez Jose Ramo	
Memoria de Calidade - 2014,2015.pdf	27/09/2021	Blanco Alvarez Jose Ramo	
Memoria de Calidade - 2015,2016.pdf	27/09/2021	Blanco Alvarez Jose Ramo	
Memoria de Calidade - 2016,2017.pdf	27/09/2021	Blanco Alvarez Jose Ramo	
Memoria de Calidade - 2017,2018.pdf	27/09/2021	Blanco Alvarez Jose Ramo	
Memoria de Calidade - 2018,2019.pdf	27/09/2021	Blanco Alvarez Jose Ramo	
Memoria de Calidade - 2019,2020.pdf	27/09/2021	Blanco Alvarez Jose Ramo	
Memoria de Calidade - 2020,2021.pdf	20/10/2022	Blanco Alvarez Jose Ramo	



Calidade

Documentación e actas da Comisión de Calidade

Calidade

- Documentación do SGC 18 de xaneiro
- Enquisas - Informes 18 de xaneiro
- Organos de Calidade d... 18 de xaneiro
- Política e Obxectivos de... 18 de xaneiro

Documentos máis recentes

- Acta 04 - Comisión Calidade 21-12-2022.pdf
- Acta 01 - Comisión Calidade 01-03-2021.pdf
- Acta 03 - Comisión Calidade 23-11-2022.pdf
- Acta 02 - Comisión Calidade 08-06-2022.pdf

A Universidade de Santiago de Compostela solicitou a acreditación institucional da Facultade de Ciencias da Comunicación, de acordo co informe favorable emitido pola Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia. O Consejo de Universidades, en

sesión do día 17 de decembro de 2019, certificaba a **Acreditación Institucional** da Facultade de Ciencias da Comunicación. A acreditación Institucional acadada supoñía a inscrición do centro como acreditado no Rexistro de Universidades, Centros e Títulos (RUCT), de forma que todos os títulos universitarios oficiais de Grao e Máster impartidos nesta Facultade incorporaban como data de renovación da acreditación no Rexistro de Universidades, Centros e Títulos, a correspondente á resolución de acreditación institucional ditada polo Consello de Universidades (**decembro de 2019 a decembro de 2024**). Reprodúcese o historial deste proceso co obxectivo de redundar no período de vixencia de dita acreditación, que terá como data límite o mes de **decembro de 2024**, antes desta data, a Facultade pasará polo proceso de seguimento da implantación do SGC, consistente na revisión documental (sen visita ao centro) tanto da Memoria de Calidade que nos ocupa, como das evidencias xeradas polo SGC, que tamén se relacionan nesta mesma memoria. No marco do ciclo VSMA (verificación, seguimento, modificación e acreditación) a Facultade de Ciencias da Comunicación ven de actualizar, durante o período 2020-2021, as Memorias de Verificación correspondentes aos títulos de grao e máster que ofrece. A Xunta da Facultade de Ciencias da Comunicación, na reunión do 3 de xullo de 2020, acordou aprobar as propostas de modificación do Grao en Xornalismo (G3031V01), o Grao en Comunicación Audiovisual (G3041V01) e extinguir o Máster Universitario en Xornalismo e Comunicación (P3381V01), ofrecendo un novo título de Máster Universitario en Xornalismo e Comunicación Multimedia. A data de aprobación das memorias modificadas e, no seu caso, da nova memoria en Consello de Goberno, foi o 24 de xullo de 2020. En canto ao Informe do Consello Social, ten data de 30 xullo de 2020. O Informe Final da ACSUG é do 10 de maio de 2021. A Facultade de Ciencias da Comunicación ven de ofrecer unha nova titulación de máster, cuxa data de Resolución da verificación foi o 24 de maio de 2021.

Evidencias:

E5

E10-E11

E12

E5 Actas correspondentes ás reunións das comisións antes mencionadas, publicadas na web do centro. (INTRANET - As actas están nas carpetas de cada órgano)

E10-E11 Documentación modificada do SGC na web do centro. (Web pública – Documentos destacados)

E12 Plans anuais de mellora na web do centro, adxuntos ás Memorias de Calidade (INTRANET –Memorias de calidade 2014.2021)

- **Adecuación e eficacia dos mecanismos de recollida de información de satisfacción dos grupos de interese:**

A información ó respecto é facilitada, na súa meirande parte, pola Área de Calidade e Mellora dos Procedementos da USC (ACMP), e arroxa os seguintes resultados relativos aos grupos de interese que, a continuación, se detallan:

Nivel de títulos

- **Satisfacción do alumnado coa docencia recibida**
 - **Comunicación Audiovisual (CAV):** evolucionando positivamente dende 2016-2017 (3,77) ata 2021-2022 (3,87).
 - **Xornalismo (XOR):** evolucionando positivamente dende 2016-2017 (3,49) ata 2021-2022 (3,90).
 - **Dobre Grao en Xornalismo e en Comunicación Audiovisual (DGXCAV):** evolucionando positivamente dende 2016-2017 (3,61) ata 2021-2022 (4,03).
 - **MASTER (extinto):** evolucionando positivamente dende 2016-2017 (3,10) ata 2020-2021 (4,31).
 - **Master Universitario en Xornalismo e Comunicación Multimedia (MUXCM):** 2021-2022 (4,48).
- **Taxa de resposta na enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida**
 - **CAV:** acusa un descenso dende 2016-2017 (56,44) ata 2021-2022 (34,59), o cal require unha acción de mellora.
 - **XOR:** en ascenso dende ó 40,98 en 2016-2017, ata ó 57,20% en 2021-2022.
 - **DGXCAV:** en ascenso dende 2016-2017 (45,83) ata 2021-2022 (72,22).

- **MASTER** (extinto): aínda que o valor foi 72,73% en 2016-2017, acusou un descenso en anos sucesivos, ata que en 2021-2022 o valor comeza o seu ascenso (**54,29**).
- **MUXCM**: en 2021-2022 (**41,38**), non se acadou o 50% polo que require unha acción de mellora.
- **Satisfacción do profesorado coa docencia impartida**
 - **CAV**: evolucionando positivamente dende 2016-2017 (3,99) ata 2020-2021 (**4,19**).
 - **XOR**: evolucionando positivamente dende 2016-2017 (3,64) ata 2021-2022 (**4,14**).
 - **DGXCAV**: evolucionando positivamente dende 2016-2017 (3,61) ata 2021-2022 (**4,18**).
 - **MASTER** (extinto): evolucionando positivamente dende 2016-2017 (3,66) a 2021-2022 (**4,11**).
 - **MUXCM**: en 2021-2022 (**4,27**),
- **Satisfacción dos estudantes saíntes cos programas de mobilidade**
 - **CAV**: mantense estable dende 2016-2017 (3,31) ata 2021-2022 (3,33).
 - **XOR**: evolucionando positivamente dende 2016-2017 (3,63) ata 2020-2021 (4,51); non se realizou a enquisa en 2021-22.

	2016-17	2017-18	2018-19	2020-21
Total	3.63	3.27	3.89	4.51

- **DGXCAV**:

	2020-21	2021-22
Total	4.51	5.00

En canto aos títulos de máster (novo e extinto), non ofrecen Programa de Mobilidade, ao desenvolverse ao longo dun único ano académico.

- **Satisfacción dos estudantes coas prácticas externas**
 - **CAV**: mantense en torno aos 3 puntos dende 2016-2017 (3,54) ata 2021-2022 (3).
 - **XOR**: mantense estable dende 2016-2017 (4,3) ata 2021-2022 (**4,1**).
 - **DGXCAV**: mídese dende 2020-2021 (4,17), sendo en 2021-2022 (**4,5**).
 - **MUXCM**: en 2021-2022 (**3,89**).

O máster extinto non ofrece datos en 2021-2022. Consultado ó **Centro de datos** indicásenos que só constaba un alumno como receptor da enquisa, a quen se lle enviou pero non respostou. De aí que non se dispoña de Informe 06 de Satisfacción dos estudantes coas prácticas externas, e tampouco se dispoña de indicador (IN19M).

- **Satisfacción dos titores profesionais coas prácticas externas**

Indicador que conta cunha enquisa propia do centro, no caso dos títulos de grao, cuxo informe reproducimos de seguido, e ao que se ten acceso a través da web do centro: <https://nubeusc.sharepoint.com/:f:/s/centro-ciencias-comunicacion/EtEdTCYQ9ZFGuhvZsiXUffgBrOVuYWEY13MNEQ7P4tzeyA?e=FpBoZO>

- **CAV**: O grao de satisfacción xeral coas prácticas é de **4,56** (2021-2022). Polo demais, os valores dos diferentes campos da enquisa son moi estables e elevados, xa que se sitúan no sobresaliente.

INFORME DE SATISFACCIÓN DOS/AS TITORES/AS PROFESIONAIS DE PRÁCTICAS EXTERNAS

Código: G3041V01	Denominación: Grao en Comunicación Audiovisual	RUCT: 2501107
-------------------------	---	----------------------

FICHA TÉCNICA	
Obxecto de estudo	Grao de satisfacción dos/as titores/as profesionais das prácticas externas realizadas polo alumnado do Grao en Comunicación Audiovisual.
Poboación:	Dirixido aos/ás titores/as profesionais das prácticas externas realizadas polo alumnado nun determinado curso académico.
Método de investigación:	Enquisas a realizar nos meses de abril e setembro, coincidindo co remate dos dous períodos de prácticas externas organizados pola facultade nun curso académico.
Recursos necesarios para o seu desenvolvemento:	Envío de email aos/ás titores/as profesionais con enlace a un formulario creado ad hoc. O procesamento estatístico e técnico dos datos levarase a cabo na Unidade Administrativa do Centro.

CURSO ACADÉMICO	2018/2019	2019/2020	2020/2021	2021/2022
Número de Cuestionarios Cubertos	16	19	33	28
Tasa de Resposta	100 %	100 %	100 %	100 %
CUESTIONARIO (A valoración está comprendida entre 1 e 5. O 1 representa a cualificación máis baixa e o 5 a máis alta.)	Media	Media Título	Media Título	Media Título
Valore a formación inicial de coñecementos teórico-prácticos do alumnado para cumprir coas actividades que lle foron asignadas	Título	4,05	4,03	4,12
Valore a formación inicial de competencias profesionais do alumnado para cumprir coas actividades que lle foron asignadas.	3,87	4,05	4,06	4,18
Valore o grao de integración do alumnado no medio de traballo.	3,87	4,47	4,57	4,50
Valore o grao de cumprimento por parte do alumnado das actividades asignadas.	4,75	4,47	4,63	4,59
Indique o seu grao de satisfacción xeral relativo á comunicación e coordinación cos/coas responsables académicos/as do título.	4,87	4,47	4,69	4,38
Indique o seu grao de satisfacción xeral coa práctica realizada polo alumnado.	4,62	4,53	4,48	4,56
Grao de Satisfacción	4,69	4,34	4,41	4,39

- **XOR:** A valoración do grao de satisfacción xeral coas prácticas é elevada **4,55** (2021-2022); un valor que ven sendo estable e elevado dende 2018-2019.

INFORME DE SATISFACCIÓN DOS/AS TITORES/AS PROFESIONAIS DE PRÁCTICAS EXTERNAS

Código: G3031V01	Denominación: Grao en Xornalismo	RUCT: 2501111
-------------------------	---	----------------------

FICHA TÉCNICA

Obxecto de estudo	Grao de satisfacción dos/as titores/as profesionais das prácticas externas realizadas polo alumnado do Grao en Xornalismo
Poboación:	Dirixido aos/ás titores/as profesionais das prácticas externas realizadas polo alumnado nun determinado curso académico.
Método de investigación:	Enquisas a realizar nos meses de abril e setembro, coincidindo co remate dos dous períodos de prácticas externas organizados pola facultade nun curso académico.
Recursos necesarios para o seu desenvolvemento:	Envío de email aos/ás titores/as profesionais con enlace a un formulario creado ad hoc. O procesamento estatístico e técnico dos datos levarase a cabo na Unidade Administrativa do Centro.

CURSO ACADÉMICO	2018/2019	2019/2020	2020/2021	2021/2022
Número de Cuestionarios Cubertos	94	80	107	50
Tasa de Resposta	90,38%	100 %	100%	100%
CUESTIONARIO (A valoración está comprendida entre 1 e 5. O 1 representa a cualificación máis baixa e o 5 a máis alta.)	Media Título	Media Título	Media Título	Media Título
Valore a formación inicial de coñecementos teórico-prácticos do alumnado para cumprir coas actividades que lle foron asignadas	3,67	3,92	4,11	4,13
Valore a formación inicial de competencias profesionais do alumnado para cumprir coas actividades que lle foron asignadas.	3,71	3,87	3,86	4,05
Valore o grao de integración do alumnado no medio de traballo.	4,67	4,70	4,59	4,67
Valore o grao de cumprimento por parte do alumnado das actividades asignadas.	4,67	4,71	4,69	4,62
Indique o seu grao de satisfacción xeral relativo á comunicación e coordinación cos/coas responsables académicos/as do título.	4,37	4,55	4,46	4,47
Indique o seu grao de satisfacción xeral coa práctica realizada polo alumnado.	4,56	4,66	4,53	4,55
Grao de Satisfacción	4,27	4,40	4,37	4,42

- o **DGXC:** Este alumnado obtén, por parte dos titores profesionais, os valores máis elevados en tódolos campos. En concreto, 4,86 na satisfacción xeral (2021-2022).

INFORME DE SATISFACCIÓN DOS/AS TITORES/AS PROFESIONAIS DE PRÁCTICAS EXTERNAS

Código: G6021V01	Denominación: Dobre Grao en Xornalismo e Comunicación Audiovisual
-------------------------	--

FICHA TÉCNICA	
Obxecto de estudo	Grao de satisfacción dos/as titores/as profesionais das prácticas externas realizadas polo alumnado do Dobre Grao en Xornalismo e Comunicación Audiovisual
Poboación:	Dirixido aos/ás titores/as profesionais das prácticas externas realizadas polo alumnado nun determinado curso académico.
Método de investigación:	Enquisas a realizar nos meses de abril e setembro, coincidindo co remate dos dous períodos de prácticas externas organizados pola facultade nun curso académico.
Recursos necesarios para o seu desenvolvemento:	Envío de email aos/ás titores/as profesionais con enlace a un formulario creado ad hoc. O procesamento estatístico e técnico dos datos levarase a cabo na Unidade Administrativa do Centro.

CURSO ACADÉMICO	2018/2019	2019/2020	2020/2021	2021/2022
Número de Cuestionarios Cubertos	15	6	28	15
Tasa de Resposta	100%	100%	100%	100%
CUESTIONARIO (A valoración está comprendida entre 1 e 5. O 1 representa a cualificación máis baixa e o 5 a máis alta.)	Media Título	Media Título	Media Título	Media Título
Valore a formación inicial de coñecementos teórico-prácticos do alumnado para cumprir coas actividades que lle foron asignadas	3,66	3,50	4,25	4,19
Valore a formación inicial de competencias profesionais do alumnado para cumprir coas actividades que lle foron asignadas.	3,73	3,50	4,00	4,29
Valore o grao de integración do alumnado no medio de traballo.	4,66	5,00	4,80	4,86
Valore o grao de cumprimento por parte do alumnado das actividades asignadas.	4,73	5,00	4,90	4,90
Indique o seu grao de satisfacción xeral relativo á comunicación e coordinación cos/coas responsables académicos/as do título.	4,20	4,50	4,60	4,67
Indique o seu grao de satisfacción xeral coa práctica realizada polo alumnado.	4,60	4,67	4,90	4,86
Grao de Satisfacción	4,26	4,36	4,57	4,63

- o **MASTER (extinto):**

	2018-19	2020-21
Total	4.67	4.75

- o MUXCM: Non se dispón de datos, procedentes da ACMP, en 2021-2022.

Os datos dos titores profesionais das prácticas do máster non estaban dispoñibles, na súa totalidade, nas datas que nos daban para envialos (antes do 1 de xuño), xa que algúns alumnos comezaban as prácticas o 1 de xuño e non sabemos quen son os seus titores profesionais ata que nos devolven asinado o proxecto formativo (normalmente na segunda quincena de xuño). Traslada esta incidencia ó Centro de Datos, indícasenos que, teñen constancia desta problemática noutros centros da USC, de xeito que tentarán variar a data, atrasándoa, co beneplácito da ACMP, tendo en conta que o marxen para a elaboración de informes derivados destas enquisas xa está moi axustado.

Porén, a Oficina de Seguimento de Prácticas do centro, dispón de datos de satisfacción dos titores profesionais de prácticas externas do Máster Universitario en Xornalismo e Comunicación Multimedia, debido a que como no caso dos graos asumimos esta enquisa e as empresas e institucións, e os correspondentes titores, nos que fan prácticas os alumnos de mestrado coinciden coas dos graos, enviábase a enquisa de grao e máster conxuntamente, ao tempo que o formulario para que os titores cualifiquen ao alumnado.

En suma, reproducimos os datos de satisfacción e propoñemos unha acción de mellora ao respecto:

INFORME DE SATISFACCIÓN DOS/AS TITORES/AS PROFESIONAIS DE PRÁCTICAS EXTERNAS

Código: P3382V01	Denominación: Máster Universitario en Xornalismo e Comunicación Multimedia
----------------------------	--

FICHA TÉCNICA	
Obxecto de estudo	Grao de satisfacción dos/as titores/as profesionais das prácticas externas realizadas polo alumnado do Máster Universitario en Xornalismo e Comunicación Multimedia
Poboación:	Dirixido aos/ás titores/as profesionais das prácticas externas realizadas polo alumnado nun determinado curso académico.
Método de investigación:	Enquisas a realizar no mes de setembro, coincidindo co remate do período de prácticas externas.
Recursos necesarios para o seu desenvolvemento:	Envío de email aos/ás titores/as profesionais con enlace a un formulario creado ad hoc. O procesamento estatístico e técnico dos datos levarase a cabo na Unidade Administrativa do Centro.

CURSO ACADÉMICO	2021/2022
Número de Cuestionarios Cubertos	13
Tasa de Resposta	100%
CUESTIONARIO (A valoración está comprendida entre 1 e 5. O 1 representa a cualificación máis baixa e o 5 a máis alta.)	Media Título
Valore a formación inicial de coñecementos teórico-prácticos do alumnado para cumprir coas actividades que lle foron asignadas	4,23
Valore a formación inicial de competencias profesionais do alumnado para cumprir coas actividades que lle foron asignadas.	4,23
Valore o grao de integración do alumnado no medio de traballo.	4,85
Valore o grao de cumprimento por parte do alumnado das actividades asignadas.	4,85
Indique o seu grao de satisfacción xeral relativo á comunicación e coordinación cos/coas responsables académicos/as do título.	4,62
Indique o seu grao de satisfacción xeral coa práctica realizada polo alumnado.	4,69
Grao de Satisfacción	4,58

- Satisfacción dos titores académicos coas prácticas externas
 - CAV: estable dende 2016-2017 (5) ata 2021-2022 (5).
 - XOR: dende 2016-2017 (5) descende por primeira vez en 2021-2022 (4).
 - DGXCAV: con datos dispoñibles por primeira vez en 2021-2022 (5).
 - MASTER (extinto): con datos dispoñibles unicamente en 2017-2018 (5).
 - MUXCM: Non se dispón de datos en 2021-2022

Non existen datos da Satisfacción dos titores académicos coas prácticas externas para ningunha titulación de mestrado, xa que a aplicación que utiliza o Centro de Datos, debido a un erro, non cargou os titores académicos como destinatarios das enquisas.

- Satisfacción do alumnado co TFG (Enquisa sobre o desenvolvemento e satisfacción co TFG). Indicador que conta cunha enquisa propia do centro. Pódese acceder ós datos da enquisa a través da web da Facultade de Ciencias da Comunicación, https://nubeusc.sharepoint.com/:f:/s/centro-ciencias-comunicacion/Eruwkxif-qFFuyakBejPMn8Bb_r0ICVVIK6BdAE73RvNg?e=pO3g9W
- CAV: Satisfacción que se mantén en valores estables dende 2017-2018 (3,78) ata 2021-2022 (3,80).

INFORME SOBRE O DESENVOLVEMENTO E SATISFACCIÓN CO TRABALLO DE FIN DE GRAO

Código: G3041V01	Denominación: Grao en Comunicación Audiovisual	RUCT: 2501107
-------------------------	---	----------------------

FICHA TÉCNICA	
Obxecto de estudo	Grao de satisfacción do estudantado co proceso de xestión e coa información facilitada sobre o TFG.
Poboación:	Dirixido a estudantes dos graos e dobre grao que soliciten a defensa do TFG nun determinado curso académico.
Método de investigación:	Enquisas a realizar nos meses de febreiro, xullo e setembro, coincidindo coas convocatorias anuais de TFG.
Recursos necesarios para o seu desenvolvemento:	Envío de email ao alumnado interesado con enlace a formulario creado ad hoc; o procesamento estatístico e técnico dos datos levarase a cabo na Unidade Administrativa do Centro.

CURSO ACADÉMICO	2017/2018	2018/2019	2019/2020	2020/2021	2021/2022
Número de Cuestionarios Cubertos	15	28	9	4	11
Tasa de Resposta	36,59%	56,00%	20,45%	9,30%	23,40%
CUESTIONARIO - Escala de valoración desde 1 (Moi en desacordo) ata 5 (Moi de acordo)	Media do Título				
A información xeral recibida, procedente do centro, sobre o TFG foi axeitada	3,00	3,18	2,22	2,75	3,00
A guía do TFG do centro resulta de utilidade	3,47	3,33	2,22	2,00	3,00
O/a titor/a orientoute e axudouche no proceso de planificación e desenvolvemento do TFG	4,26	3,96	3,77	3,00	3,73
En xeral, estás satisfeita/o coa titorización	4,20	3,79	4,00	2,75	3,82
A elaboración do TFG contribuíu á túa formación	4,20	4,25	4,22	4,00	4,64
Consideras que o TFG merece o recoñecemento de créditos que ten?	3,60	3,79	4,00	3,00	4,64
Grao de Satisfacción co TFG	3,78	3,72	3,40	2,92	3,80

- XOR: Valores en ascenso dende 2017-2018 (3,22) ata 2021-2022 (3,58).

INFORME SOBRE O DESENVOLVEMENTO E SATISFACCIÓN CO TRABALLO DE FIN DE GRAO

Código: G3031V01	Denominación: Grao en Xornalismo	RUCT: 2501111
-------------------------	---	----------------------

FICHA TÉCNICA	
Obxecto de estudo	Grao de satisfacción do estudantado co proceso de xestión e coa información facilitada sobre o TFG.
Poboación:	Dirixido a estudantes dos graos e dobre grao que soliciten a defensa do TFG nun determinado curso académico.
Método de investigación:	Enquisas a realizar nos meses de febreiro, xullo e setembro, coincidindo coas convocatorias anuais de TFG.
Recursos necesarios para o seu desenvolvemento:	Envío de email ao alumnado interesado con enlace a formulario creado ad hoc; o procesamento estatístico e técnico dos datos levarase a cabo na Unidade Administrativa do Centro.

CURSO ACADÉMICO	2017/2018	2018/2019	2019/2020	2020/2021	2021/2022
Número de Cuestionarios Cubertos	32	51	19	24	13
Tasa de Resposta	36,78%	63,75%	21,11%	31,17%	20,97%
CUESTIONARIO - Escala de valoración desde 1 (Moi en desacordo) ata 5 (Moi de acordo)	Media do Título				
A información xeral recibida, procedente do centro, sobre o TFG foi axeitada	2,18	2,64	2,74	2,13	2,77
A guía do TFG do centro resulta de utilidade	2,43	2,74	2,68	2,50	2,45
O/a titor/a orientoute e axudouche no proceso de planificación e desenvolvemento do TFG	3,37	3,43	3,74	3,79	4,23
En xeral, estás satisfeita/o coa titorización	3,31	3,51	3,68	3,83	4,15
A elaboración do TFG contribuíu á túa formación	3,75	3,92	4,10	3,75	3,77
Consideras que o TFG merece o recoñecemento de créditos que ten?	4,28	4,25	3,79	3,83	4,08
Grao de Satisfacción co TFG	3,22	3,41	3,45	3,31	3,58

- **DGXCAV:** Valores en ascenso dende 2019-2020 (1,33) ata 2021-2022 (3,33)



INFORME SOBRE O DESENVOLVEMENTO E SATISFACCIÓN CO TRABALLO DE FIN DE GRAO

Código: G3061V01	Denominación: Dobre Grao en Xornalismo e Comunicación Audiovisual
-------------------------	--

FICHA TÉCNICA	
Obxecto de estudo	Grao de satisfacción do estudiantado co proceso de xestión e coa información facilitada sobre o TFG.
Poboación:	Dirixido a estudantes dos graos e dobre grao que soliciten a defensa do TFG nun determinado curso académico.
Método de investigación:	Enquisas a realizar nos meses de febreiro, xullo e setembro, coincidindo coas convocatorias anuais de TFG.
Recursos necesarios para o seu desenvolvemento:	Envío de email ao alumnado interesado con enlace a formulario creado ad hoc; o procesamento estatístico e técnico dos datos levarase a cabo na Unidade Administrativa do Centro.

CURSO ACADÉMICO	2019/2020	2020/2021	2021/2022
Número de Cuestionarios Cubertos	1	4	1
Tasa de Resposta	20,00%	36,36%	12,50%
CUESTIONARIO - Escala de valoración desde 1 (Moi en desacordo) ata 5 (Moi de acordo)	Media do Título		
A información xeral recibida, procedente do centro, sobre o TFG foi axeitada	2,00	3,00	3,00
A guía do TFG do centro resulta de utilidade	2,00	2,75	3,00
O/a titor/a orientoute e axudouche no proceso de planificación e desenvolvemento do TFG	1,00	4,00	4,00
En xeral, estás satisfeita/o coa titorización	1,00	4,00	4,00
A elaboración do TFG contribuíu á túa formación	1,00	4,00	4,00
Consideras que o TFG merece o recoñecemento de créditos que ten?	1,00	3,75	2,00
Grao de Satisfacción co TFG	1,33	3,58	3,33

Advertase que, no caso do Grao en Comunicación Audiovisual, os valores máis elevados están asociados á estimación do peso do TFG na formación do estudiantado e ao labor de titorización. Ademais do cal, debe sinalarse o incremento do valor medio da satisfacción co TFG. No caso do Grao en Xornalismo, a utilidade da guía, a titorización e a incidencia do TFG na formación, son os campos nos que se obteñen os valores máis elevados. Todo o cal coincide no caso do Dobre Grao. Agora ben, convén incidir na necesidade de incrementar a participación, dado que só un estudante resposta no caso do Dobre Grao, e nos títulos de grao estamos diante de participacións de entre o 20 e o 23%, polo que convén deseñar unha acción con respecto á Taxa de participación na Enquisa. Apréciase, ademais, que a persoa participante na enquisa relativa ó Dobre Grao amosa a súa disconformidade co peso en créditos do TFG, aínda cando califica cun 4 a súa incidencia na formación.

O coordinador do TFG asume a planificación de recordatorios -froitro da acción de mellora correspondente- destinados tanto a titores como ao alumnado, con carácter previo ao envío das enquisas. Ademais do cal, a coordinación incorpora a información sobre a enquisa de satisfacción como asunto a tratar nas xuntanzas de comezo de curso co alumnado en disposición de realizar o TFG, ao tempo que na xuntanza que se realiza co alumnado de terceiro curso dos graos (e de Dobre Grao) antes de rematar este curso e iniciar o último ano, de cara a que se familiaricen tanto co proceso que implica o TFG, como coas enquisas.

- **Grao de satisfacción xeral dos egresados coa titulación**
 - **CAV:** evolucionando positivamente dende 2016-2017 (3,11) ata 2021-2022 (3,32).
 - **XOR:** evolucionando positivamente dende 2016-2017 (3,03) ata 2021-2022 (3,32).
 - **DGXCAV:** en 2020-2021, coa primeira cohorte de egreso, obtense (3,39), en 2021-2022 (3,32).
 - **MASTER** (extinto): evolucionando positivamente dende 2017-2018 (2,09) ata 2021-2022 (3,55).

o Grao de satisfacción do alumnado coa información pública

A ACMP recaba datos relativos á satisfacción coa información pública no marco das enquisas que, de seguido, se indican.

o Informe de Satisfacción co programa de prácticas (2021-2022):

- Pregunta. A información previa recibida do procedemento das prácticas foi axeitada?

o CAV: 3,75

o XOR: 3,80

o Dobre Grao: 4,50

o Máster (extinto) e MUXCM: Non se facilita informe de satisfacción co programa de prácticas, só o valor medio do indicador Satisfacción dos estudantes coas prácticas externas.

o Informe de Satisfacción co programa de mobilidade (saínte) (2021-2022):

- Pregunta. Información disponible na web da USC:

o CAV: 2,67 valor medio do título / fronte a 3,17 valor global no marco da USC.

o Dobre Grao: 4 valor medio / 3,17 valor global USC.

- Pregunta. Información sobre as validacións:

o CAV: 2 valor medio / 3,05 valor global USC.

o Dobre Grao: 3 valor medio / 3,05 valor global.

No título de Grao en Xornalismo non houbo resposta algunha á Enquisa de satisfacción co programa de mobilidade (saínte), polo que se propón unha acción de mellora ao respecto.

En canto ós títulos de máster (extinto e MUXCM) non ofrecen programa de mobilidade.

Por último, cabe advertir que, accedendo o estudantado de CAV e o de Dobre Grao á mesma información na web do centro, así como á mesma fonte de información sobre validacións (Unidade de Xestión Administrativa do centro e/ou Unidade de Xestión Académica do Campus Norte), os valores varían de xeito importante, como se aprecia.

En calquera caso, proporase unha acción de mellora ao respecto, si ben cabe sinalar que a meirande parte da información sobre mobilidade procede da Oficina de Mobilidade da USC, un servizo centralizado, como se observa; de xeito que o centro intervéen na selección de alumnado e tramita o recoñecemento de estudos.

Para finalizar a satisfacción coa información pública, incidiremos en que a web do centro segue a ser a principal ferramenta de visibilización da información relativa aos títulos e do labor de xestión que se leva a cabo na Facultade, sen descuidar os actos anuais de benvinda e a atención prestada polo alumnado titor a través da conta de correo web facilitada pola Universidade a tal efecto.

o Enquisa de Satisfacción do alumnado coa titulación (2021-2022):

- Pregunta. Consideras que a información sobre a túa titulación é axeitada?

o CAV: 2

o XOR: 2,91

o Dobre Grao: 3,50

No seno desta enquisa, en termos xerais, o alumnado de CAV -en menor medida, aínda que tamén, o alumnado de XOR- amosa unha infravaloración do ítem relativo á información dispoñible sobre o título, cuestión que require unha proposta de acción de mellora. Porén, esta valoración contrasta coa manifestada polo PDI de ambos títulos, elevada -como se aprecia a continuación. Aínda así, cabe sinalar que a USC procedeu a modificar a súa Web en 2022, levándose a cabo a migración de datos progresivamente, o cal podería ter sido percibido pola comunidade universitaria de xeito negativo.

Esta enquisa non se realiza no caso das titulacións de mestrado.

- **Enquisa de Satisfacción do profesorado coa titulación:**
 - Pregunta. Consideras que a información que tes sobre a túa titulación é axeitada:
 - CAV: 3,95
 - XOR: 4
 - Dobre Grao: 4

Esta enquisa non se realizou en 2021-2022 no máster, entón en extinción, dado que non houbo docencia senón titorización dunha porcentaxe dos TFM: "En EAD (Encoded Archival Description) cárgase a docencia do profesorado, se non ten docencia (ten cero horas asignadas), ou a materia está marcada como sen docencia, non se carga esa docencia en EAD. Polo tanto o docente afectado, nin está dispoñible para enquisas dirixidas ao alumando nin para as enquisas de satisfacción do profesorado da materia/plan de estudos afectado." (21-04-2023)

En canto ó máster de nova implantación, o Centro de Datos e Procesos, en resposta á consulta da responsable de calidade, indican o que sigue a través de correo electrónico: "Tras consultar co informático que xestiona a aplicación de enquisas, parece que non se incluíu por erro a titulación de máster en xornalismo e comunicación multimedia, na avaliación de satisfacción do PDI coas titulacións." (18-04-2023)

Nivel de centro

A ACMP suministra información a través dos seguintes informes:

- **Informe de Satisfacción do alumnado entrante cos programas de mobilidade:**
 - Pregunta. Información dispoñible en la web de la USC: 5 valoración media, 3,67 valoración global USC.
 - Pregunta. Valora globalmente tu experiencia: 4,50 valoración media, 3,90 valoración global USC.

Reproducimos o valor relativo á pregunta sobre a información dispoñible, a fin de que sirva de cotexo coa valoración que deste mesmo ítem fan os estudantes dos títulos de grao do centro, tal como advertíamos anteriormente.

- **Enquisa de satisfacción do PDI coas actividades formativas:**
 - Trátase dun Informe que abrangue á totalidade do PDI da USC que realiza os cursos de formación institucional PFID, sendo a valoración media do ítem "Valora a túa satisfacción global do curso": 4,65.
- **Informe das Enquisas de satisfacción media do PAS coas actividades formativas**
 - Trátase dun Informe que abrangue á totalidade do PAS da USC que realiza cursos de formación, sendo a valoración media do ítem "Satisfacción global": 8,29 (sobre 10).
- **Informe da Enquisa de satisfacción do PAS da Facultade de Ciencias da Comunicación**
 - A valoración media en 2021-2022 do ítem "En xeral sintome satisfeito/a co meu traballo" foi: 4,50; a valoración global USC: 4,07. A taxa de participación foi do 33,33%.

Debe sinalarse que o PAS que realiza labores profesionais no centro, aínda que recibe esta enquisa na súa totalidade (24 persoas) en tanto están adscritos á Facultade, sen embargo, 10 dos integrantes do colectivo pertencen á Biblioteca do Centro (6 persoas) e ó Servicio de Medios Audiovisuais da USC (4). Ambos servicios teñen autonomía con respecto á Unidade Administrativa do centro, e con respecto ós órganos de calidade do centro -aínda cando a Directora da Biblioteca forma parte da Xunta de Facultade e da Comisión de Biblioteca-, polo que a súa participación na Enquisa de referencia se asume en adiante como unha solicitude-recordatorio por parte da responsable de calidade do centro.

Evidencias: Dado que neste epígrafe acometemos a análise das enquisas de satisfacción, todo el resposta á evidencia **E13**; sendo os indicadores de referencia: **I4. Resultados das enquisas de satisfacción** e **I5. Resultados dos indicadores do SGC**.

o **Adecuación e eficacia dos mecanismos de recollida de información de queixas, reclamacións, suxestións:**

Dispoñemos de dúas vías de recollida de información de queixas, reclamacións e suxestións.

1. A Oficina de Análise de Reclamacións (OAR) da USC, cuxos resultados relativos a queixas, reclamacións, suxestións relativas ó centro, se expoñen a continuación:

INFORME OAR 2021-2022
 Facultade de Ciencias da Comunicación

Facultade de Ciencias da Comunicación – RECURSOS ADMINISTRATIVOS	Nº recursos
Grao en Comunicación Audiovisual (2ªed) (G3042P01)	
52 RECOÑECEMENTO DE IDIOMAS	1
2021/OAR01/000209	
Estimar	
Grao en Xornalismo (2ªed) (G3032P01)	
03 MODIFICACIÓN DE MATRÍCULA	1
2021/OAR01/000244	
Estimar	
GRAO EN XORNALISMO (G3031P01)	2
21 RECOÑECEMENTO DE ESTUDOS	1
2021/OAR01/000129	
Estimar	
34 ADMISIÓN	1
2021/OAR01/000112	
Desestimar	
Total xeral	4

Total: 4 recursos / Desestimados: 1

Facultade de Ciencias da Comunicación - QUEIXAS	Nº Queixas
Grao en Comunicación Audiovisual	1
Recoñecemento de estudos [L.RE]	1
21/00219	
Inadmitida	
Grao en Xornalismo	2
Docencia [T.DO]	1
22/00027	
Estimada	
USC-Virtual [T.UV]	1
21/00185	

Desestimada	
Máster Universitario en Xornalismo e Comunicación Multimedia: Novas Tendencias en Producción, Xestión e Difusión do Coñecemento	1
Docencia [T.DO]	1
22/00005	
Desestimada	
Grao en Xornalismo (2ªed)	1
Infraestructuras [T.IN]	1
22/00008	
Desestimada	
Total xeral	5

Total: 5 queixas / Desestimadas: 3 / Inadmitidas: 1

Á vista das cifras que ofrece a OAR, pode apreciarse que o centro encóntrase en valores moi baixos polo que aos capítulos de recursos e de queixas se refire.

2. Polo que atinxe ás queixas, reclamacións e suxestións cursadas por distintos colectivos na **Facultade de Ciencias da Comunicación**, velaquí os resultados:

Curso 2021/2022:

Queixas 0

Suxestións 0


Reclamacións de cualificacións: (3)

- G3031207 Fotoxornalismo (2 reclamacións – DESESTIMADAS)
- G3031329 Deseño e Composición Visual (1 reclamación – ESTIMADA)

- o **Adecuación e eficacia dos mecanismos de recollida de información das expectativas dos grupos de interese:**

A Facultade de Ciencias da Comunicación utiliza os seguintes mecanismos e vías de recollida de información destinados aos distintos grupos de interese:


- o **Alumnado titor:** entre as súas funcións inclúese a recollida de opinións e suxestións do alumnado dos títulos, tamén do estudiantado que está a realizar prácticas externas, tal como figura na web do centro.
- o **Enquisas de satisfacción** elaboradas pola Área de Calidade e Mellora dos Procedementos, así como aquelas que elabora a Facultade de Ciencias da Comunicación, todo o cal permite a sistematización de Informes nos que se poden advertir as diferentes expectativas dos grupos de interese (Estudiantado, Profesorado, P.A.S., Empresas e Institucións). <https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-ciencias-comunicacion/calidade/enquisas-satisfaccion>
- o **Buzón de recollida de opinións e suxestións online** (web do centro), destinado a tódolos grupos de interese.



- A **Coordinación docente** dos títulos realiza un labor de detección de queixas, suxestións, necesidades, procedentes tanto dos coordinadores de curso (PDI), como dos delegados de curso (Estudantes), no marco das reunións cuatrimestrais (2 como mínimo) e, de selo caso, trasládanse á comisión de título correspondente.
- Igualmente, o alumnado representante de estudantes nas Comisións Académicas, así como na Xunta de Facultade, traslada suxestións, incidencias, solicitudes de mellora e subsanación de diferentes cuestións; ó igual que o sector do PDI e o sector do PAS.
- O equipo decanal e, particularmente, o vicedecanato de estudantes encárgase de dar conta daquelas **actividades premiadas** do noso alumnado, tanto dentro como fóra do centro, a través de Instagram <https://www.instagram.com/explore/locations/659473060919149/facultade-de-ciencias-da-comunicacion-usc/?hl=es> e de Facebook https://www.facebook.com/cienciasdacomunicacion/?locale=es_LA co obxectivo de servir de expoñente, en especial, ao grupo de interese Empresas e Institucións, dos resultados do labor de formación máis talento do alumnado dos títulos.

The screenshot shows the Facebook profile of the Faculty of Communication Sciences at USC. The main post is a text-based announcement in Spanish: "Parabéns aos alumnos de Xornalismo que acaban de gañar o premio ao mellor traballo académico no XXVII Certame Nacional Álvaro Cunqueiro de Xornalismo Gastronómico. A súa reportaxe, elaborada no marco da materia "Multimedia: teoría, técnica e aplicacións", afonda no valor gastronómico e cultural da lamprea en Galicia. "A serea de Cunqueiro" https://cutt.ly/5rTiuTQ". Below the text is a photo of a group of people. The post has 13 likes and a comment from M Carmen Balsa saying "Parabéns, rapaces!!". The page footer includes the text "Descubre más novedades de Facultade de Ciencias da Comunicación - USC en Facebook" and buttons for "Iniciar sesión" and "Crear cuenta nueva".

- **Colaboración Facultade-Empresas**, o mantemento dunha estreita relación co sector profesional e coas institucións, públicas e privadas, futuros empregadores dos egresados dos títulos, recóllese asemade no Twitter do centro https://twitter.com/facom_usc/status/1639190699772968960?cxt=HHwWglC8sbbQyb8tAAAA no que se da conta de todos aqueles eventos que, en colaboración co citado grupo de interese, se destinan á orientación profesional do alumnado e ao engarce dos intereses do mercado laboral cos intereses formativos dos títulos: sobre todo a través da .



Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos

Estándar: O centro ten implantados procedementos para o deseño, a aprobación a revisión periódica dos seus programas formativos (verificación, seguimento, modificación e renovación da acreditación dos títulos oficiais), e se procede da súa extinción. Estas revisións deben conducir á mellora continua de todos os títulos.

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados co deseño, a revisión, a mellora e, se procede, a extinción (garantías do alumnado en caso de que se produza a extinción ou suspensión dunha titulación e facelo público) dos programas formativos.
- Análise das accións desenvolvidas sobre o deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos
 - cumprimento do incluído nas memorias verificadas para facilitar a implantación de modificacións no seu caso e atender ao ciclo de garantía externa das titulacións, en canto a seguimento e renovación da acreditación se refire;
 - cumprimento de guías docentes;
 - procedementos de coordinación,
 - análise do perfil real de ingreso/egreso,
 - análise de que os titulados acadan os resultados de aprendizaxe previstos na memoria.
 - Información sobre satisfacción, necesidades e expectativas, queixas e suxestións dos grupos de interese relativos ao conxunto da titulación (os relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe analízanse na Directriz 3).


Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados co deseño, a revisión, a mellora e, se procede, a extinción dos programas formativos

Sobre as evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados co deseño, a revisión, a mellora e, se procede, a extinción (garantías do alumnado en caso de que se produza a extinción ou suspensión dunha titulación, o que inclúe a tarefa de facelo público) dos programas formativos; aportamos como **Evidencia 5** as actas das reunións celebradas nos 5 últimos cursos académicos (2018-2023), das comisións Académica e de TFG, Académica de Máster e Comisión de Garantía de Calidade. Nas citadas actas poden apreciarse os procedementos relativos á revisión e á mellora que, ao longo de cada curso académico, se levan a cabo e, no seu caso, da modificación, dos programas formativos.

<https://nubeusc.sharepoint.com/sites/centro-ciencias-comunicacion>

Calidade – Órganos de Calidade do Centro



Nome	Modificado	Modificado por	Temas de taboleo
Comisión Académica do Máster en Xornal...	02/11/2022	Bianco Alvarez Jose Ramo	
Comisión Académica do Máster en Xornal...	27/06/2021	Bianco Alvarez Jose Ramo	
Comisión Académica e de TFG	27/06/2021	Bianco Alvarez Jose Ramo	
Comisión de Calidade	27/06/2021	Bianco Alvarez Jose Ramo	
Outros Órganos de Calidade	27/06/2021	Bianco Alvarez Jose Ramo	

- Análise das accións desenvolvidas sobre o deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos

- ✓ Cumprimento do incluído nas memorias verificadas dos títulos:

De cara a acreditar este cumprimento no caso dos títulos que a continuación se relacionan, aportamos a **Evidencia 1**. Memoria vixente dos títulos (2021-2022). No caso do título de máster que abaixo se indica, constitúe un novo título que substitúe ó anterior, e non dunha modificación da Memoria verificada anterior duns títulos que non mudan, como acontece no caso dos graos.

- Grao en Comunicación Audiovisual:

<https://www.usc.gal/gl/estudos/graos/ciencias-sociais-xuridicas/grao-comunicacion-audiovisual-2a-edicion>

https://pro-assets-usc.azureedge.net/cdn/ff/VzSDlorXW08T2yu_63Kb00cR3aCRXQcWFC0GhK9O69s/1635401123/public/plan/2021-09/Comunicacio%CC%81n%20Audiovisual_2021.pdf

- Grao en Xornalismo:

<https://www.usc.gal/gl/estudos/graos/ciencias-sociais-xuridicas/grao-xornalismo-2a-edicion>

https://pro-assets-usc.azureedge.net/cdn/ff/OrXiXabkACwJosHmZfG_e1R7oXrUswvKAqDjcwQzayw/1635401130/public/plan/2021-09/Xornalismo_2021.pdf

- Dobre Grao en Xornalismo e en Comunicación Audiovisual:

<https://www.usc.gal/gl/estudos/graos/ciencias-sociais-xuridicas/dobre-grao-xornalismo-comunicacion-audiovisual-0>

[https://pro-assets-usc.azureedge.net/cdn/ff/ldzf_TA-S9HDNcF3m_AsGNcH_T2kKJyTB02oQReUr8/1635401155/public/paragraphs/moreinfo/2021-](https://pro-assets-usc.azureedge.net/cdn/ff/ldzf_TA-S9HDNcF3m_AsGNcH_T2kKJyTB02oQReUr8/1635401155/public/paragraphs/moreinfo/2021-06/Memoria%20Dobre%20Titulo%20Xornalismo_ComunicacionAudiovisual%20%282%C2%AA%20edici%C3%B3n%29.pdf)

[06/Memoria%20Dobre%20Titulo%20Xornalismo_ComunicacionAudiovisual%20%282%C2%AA%20edici%C3%B3n%29.pdf](https://pro-assets-usc.azureedge.net/cdn/ff/ldzf_TA-S9HDNcF3m_AsGNcH_T2kKJyTB02oQReUr8/1635401155/public/paragraphs/moreinfo/2021-06/Memoria%20Dobre%20Titulo%20Xornalismo_ComunicacionAudiovisual%20%282%C2%AA%20edici%C3%B3n%29.pdf)

- Máster Universitario en Xornalismo e Comunicación Multimedia:

<https://www.usc.gal/gl/estudos/masteres/ciencias-sociais-xuridicas/master-universitario-xornalismo-comunicacion-multimedia-novas-tendencias-produccion-xestion-difusion-conecemento>

https://pro-assets-usc.azureedge.net/cdn/ff/YjvJAAbdeNq2inEpvUK0tb76E83VNP226MP--uL5w6s/1635401142/public/plan/2021-10/Xornalismo%20e%20Comunicacion%20Multimedia_2021_22_0.pdf

En atención ao Sistema de Garantía de Calidade e ao ciclo VSMA dos títulos oficiais: Verificación, Seguimento, Modificación e Acreditación, cabe advertir que os plans de estudos que corresponden aos títulos de grao e ao título de máster arriba mencionados, veñen desenvolvéndose conforme ao previsto, seguindo a oferta de módulos e materias contemplada previamente nas respectivas memorias verificadas modificadas (2021). As Comisións Académica e de TFG, e de Máster, advirten en 2018-2019 da necesidade de acometer modificacións nas memorias verificadas dos títulos de grao e máster, o que afectaría ao dobre grao, desenvolvidos no centro, de cara a actualizar e mellorar os Indicadores de Resultados, e a mellorar e a actualizar materias respostando ás recentes transformacións do mercado laboral ao que teñen acceso os egresados dos títulos. Por todo o anterior, dende 2019 o equipo decanal e os respectivos coordinadores de títulos promoven a revisión e actualización das citadas memorias de verificación vixentes dende había 1 década, no caso dos títulos de grao. No caso do máster, a citada memoria resposta a un novo título, acorde tanto coa renovación de liñas de investigación no programa de doutoramento ó que da acceso, como tamén acorde con demandas do mercado laboral destinadas especificamente a titulados de mestrado.

- ✓ **Cumprimento de guías docentes (Directriz 2) / Metodoloxía de ensinanza e avaliación da aprendizaxe (Adianto da Directriz 3):**

As prácticas docentes que recollen as citadas guías veñen plasmándose conforme a metodoloxías, obxectivos, propostas de aprendizaxe, organización e xerarquización de competencias, así como a sistemas de avaliación inspirados todos eles nas memorias de verificación vixentes correspondentes aos diferentes títulos. En aplicación do disposto no *PC-02 Planificación das Ensinanzas*, todas as materias impartidas nos títulos teñen asignado un/ha coordinador/a responsable da programación docente. Esta programación realízase seguindo o modelo da guía docente que, no nivel institucional, ven adoitando a Universidade de Santiago de Compostela e que, no caso dos nosos títulos, inclúe a seguinte información, cujos diferentes epígrafes abaixo se especifican:

Evidencia 4: Guías docentes

A programación docente das materias é elaborada polo PDI encargado da docencia. No caso de ser dous ou máis profesores/as os/as encargados/as, o departamento designa un/unha profesor/a coordinador/a da materia.

Utilizamos o seguinte exemplo tanto da estrutura da guía docente (programa) que ofrece ó PDI a aplicación de xestión académica "Xescampus", como do que se encontra o usuario da web do centro (por exemplo, o alumnado) no momento en que accede ós programas das distintas materias de grao e de máster.

Teorías e métodos da comunicación e da cultura

2021/2022

Campus virtual | Primeiro semestre

Información

Programa

Profesorado

Horarios, exames e titorías


Obxectivos da materia	▼
Contido	▼
Bibliografía básica e complementaria	▼
Competencias	▼
Metodoloxía da ensinanza	▼
Sistema de avaliación	▼
Tempo de estudo e traballo persoal	▼
Recomendacións para o estudo da materia	▼
Observacións	▼

PDF do programa

Os campos que integran o programa de cada materia, tal como se contempla en PC-02 Planificación das ensinanzas, conteñen a seguinte información:

- Obxectivos e contidos da materia,
- Linguas de impartición,
- Características da materia en canto a número de créditos, distribución teórico-práctica, actividades formativas,
- Competencias,
- Metodoloxía docente,
- Sistema de avaliación da aprendizaxe,
- Tempo de dedicación estimado,
- Bibliografía e fontes de referencia,
- Recomendacións e observacións de interese para o alumnado, cando así se considera por parte do personal docente.

Toda esta información está dispoñible na web do centro, a través da sección de "Estudios".




As comisións de académicas, tanto de grao como de máster, supervisan ao finalizar o curso -en torno a maio ou xuño- a programación aprobada polos departamentos para cada materia, tal como consta nas actas correspondentes, coa finalidade de comprobar que as programacións se adaptan ao plan de estudos vixente e á memoria verificada da titulación da que se trate.

✓ **Metodoloxías de ensinanza e Sistemas de Avaliación da aprendizaxe - Directriz 3:**

As guías docentes contemplan unha exposición sucinta das metodoloxías docentes ou de ensinanza, ao tempo que dos sistemas de avaliación da aprendizaxe, todos eles desenvolvidos en atención ao contemplado nas Memorias Verificadas vixentes dos correspondentes títulos e supervisados polas comisións dos títulos.

✓ **Procedementos de coordinación:**

(E5. Actas)



As comisións Académica e de TFG, e Académica de máster supervisan a programación docente de cada materia -tal como indicábamnos anteriormente, ao finalizar o segundo cuadrimestre-, aconsellando no seu caso ó PDI modificacións dos programas ou guías docentes destinadas a desenvolverse no curso entrante. Son as comisións dos títulos as que comprobamos, nos meses de maio-xuño, que dita programación se adapta ao plan de estudos vixente e á memoria verificada da titulación, en cada caso. Os coordinadores dos títulos trasladan á comisión correspondente os resultados da supervisión dos programas formativos e da aplicación dos sistemas de avaliación, asistidos polos coordinadores de curso e polos delegados de curso do estudantado da titulación. No caso do mestrado, é o representante do alumnado na Comisión quen realiza o labor equivalente aos delegados de curso. Asemade, debe destacarse o labor a este respecto do alumnado titor.

Asemade, ao longo dos dous cuadrimestres, os coordinadores dos títulos informan ás respectivas comisións académicas da relación de reunións de coordinación realizadas (axenda de reunións), temas abordados e resultados acadados, no caso de que se trate de demandas de subsanación de déficits por parte do alumnado.

Por outra parte, en atención a PC-02 Planificación das ensinanzas, a Directora da Biblioteca da Facultade de Ciencias da Comunicación facilita anualmente á Responsable de Calidade un Informe de fondos bibliográficos e outros recursos documentais, no que se inclúe a revisión anual da bibliografía recomendada nos programas, xa aprobados, das materias dos títulos. Deste mesmo informe se da conta á Comisión de Biblioteca do centro, tal como se advirte nas actas da mesma.

Informe sobre os fondos e as bibliografías recomendadas da Mediateca de CC. da Comunicación:

As principais áreas de coñecemento dos fondos da Biblioteca son: Dereito da Comunicación, Artes Visuais, Deseño Gráfico, Teorías da Comunicación e da Cultura, Prensa, Publicidade, Comunicación Corporativa, Xornalismo Electrónico e Multimedia, Radio, Televisión, Cine, Fotografía e Fotoxornalismo, Documentación, Metodoloxía da Investigación, Socioloxía, Antropoloxía Social, Filosofía e Psicoloxía Social.

Os fondos bibliográficos están divididos en: unha colección básica destinada ao estudo e a docencia que se nutre principalmente das bibliografías recomendadas e unha colección marxinal que vén cubrir lagoas -conforme ás directrices da Xunta técnica da BUSC e a Comisión da Biblioteca da BUSC e para iso séguense os estándares nacionais e internacionais en relación á xestión da colección dunha biblioteca universitaria- e unha colección de investigación que se adquire de forma conxunta tanto por parte dos orzamentos da biblioteca do centro como por parte dos fondos que destinen a adquisición bibliográfica os proxectos de investigación vixentes na Facultade. Toda a colección atópase en acceso directo aos usuarios, salvo excepcións patrimoniais.

Perante o ano 2022, os fondos recuperaron os presupostos do ano 2019 e víronse incrementados cunha partida de axuda do centro que supuxo complementar a colección con fontes internacionais que debido ao Brexit sufriran unha pequena redución. Destacar na adquisición as publicacións do MIT e da Edinburgh University Press nas áreas de coñecemento da nosa colección.

Dede decembro de 2022, o sistema de xestión da biblioteca migrou para a plataforma Alma-Primo na que nos atopamos nun proceso de adaptación tódalas bibliotecas do Consorcio Interuniversitario do Sistema Universitario de Galicia, CISUG.

A biblioteca dispón na actualidade dunha colección de arredor de 28 mil monografías en papel, 33 mil electrónicas, 880 publicacións periódicas e arredor de 7300 rexistros de material filmico, este acervo documental analóxico vese apoiado polos fondos dixitais licenciados a través do Consorcio de Bibliotecas de Galicia, BUGalicia e de forma específica con cargo presuposto da colección propia do centro a Biblioteca mantén dende o ano 2017 catro importantes bases de datos que veñen a expandir os nosos recursos : World Press Trends; Year book of the European Audiovisual Observatory; Communication & Mass Media Complete (CMMC), EBSCO; Alternative Press Index (API), EBSCO.

Bibliografía recomendada para materias do Grao en Comunicación Audiovisual, ascenden a 790; para o Grao en xornalismo 820, no Dobre Grao 1020 e para o Master en Xornalismo e Comunicación 365; un total de 2995 rexistros.

Grao Xornalismo	Grao C. Audiovisual	Master Xornalismo	Dobre Grao	Total Bibliografías Recomendadas
-----------------	---------------------	-------------------	------------	----------------------------------

820 rexistros

790 rexistros

365 rexistros

1020 rexistros

2995 rexistros

Polo demais, unha vez realizada a planificación docente, a Decana, considerando a información proporcionada polas distintas Comisións dos títulos de grao e de máster, traslada á Comisión de Calidade as incidencias xurdidas durante este proceso de planificación e, de ser o caso, as propostas de mellora a incorporar no plan anual de melloras **E12. Plans de mellora**. Finalmente, e trala citada revisión, as programacións das distintas materias son aprobadas en Xunta de Facultade.

✓ **Análise do perfil de ingreso/egreso (Evidencia 3):**

Grao en Comunicación Audiovisual:

Perfil de ingreso

- **Prazas ofertadas:** Número de prazas ofertadas para cada curso académico.

	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22
Total	50.00	50.00	50.00	50.00	50.00	50.00

- **A matrícula total:** Número de estudantes matriculados nun curso académico sen contabilizar aos estudantes de programas de mobilidade incoming. Inclúe o alumnado de todos os cursos que se imparten no título.

	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22
Total	195.00	206.00	214.00	210.00	219.00	223.00

- **Matrícula de acceso:** Número de estudantes que se matriculan nun plan de estudos por primeira vez. Inclúe ao alumnado que traslada o seu expediente, que accede por validación parcial de estudos estranxeiros ou que se adapta desde plans en extinción.

	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22
Total	53.00	55.00	58.00	55.00	60.00	59.00

A demanda continúa sendo estable e excedentaria con respecto ao número de prazas ofertadas, o que incrementa a matrícula de acceso. De cara a estimar a presión do título, a CIUG contabiliza un total de **588 solicitudes (fronte ás 486 solicitudes de 2018-2019; 554 en 2019-2020; 647 en 2020-21)** para realizar estudos de Grao en Comunicación Audiovisual en 2021-2022; puntualmente, 59 solicitudes menos que ano anterior.

- **Matrícula de novo ingreso por preinscripción:** Número de estudantes que se matriculan no primeiro curso dun plan de estudos por primeira vez, é dicir, sen contar aos estudantes que acceden a través de validación parcial de estudos estranxeiros, trasladados ou adaptacións desde plans en extinción.

	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22
Total	49.00	50.00	50.00	50.00	53.00	52.00

- **A variación da matrícula de novo ingreso por preinscrición:** Taxa de variación relativa da matrícula de novo ingreso por preinscrición. Amosa as variacións na matrícula de novo ingreso por preinscrición en relación co curso académico anterior.


Este indicador permite, simplemente, recoñecer flutuacións con respecto ao curso anterior, debido a que o volume de estudantes que acceden ao título non se axusta sempre ao número de prazas ofertadas.

	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22
Total	6.52	2.04	0.00	0.00	6.00	-1.89

- **Nota media de acceso por preinscrición:** indicador que informa sobre a nota media de acceso por preinscrición dos estudantes que inician estudos. Determina o perfil de entrada, inforando sobre a nota media de acceso ao título.

	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22
Total	10.91	10.88	10.79	11.18	11.82	11.96

Advirtase que, nos últimos 6 anos a **nota media** de acceso ó título incrementouse en máis de 1 punto. Asemade, segundo datos da CIUG, a **nota de corte** foi de **11.100**, a 4ª máis elevada en España.



- **A porcentaxe de estudantes que acceden á titulación con puntuación igual ou superior a 6, é do 100%.** O que permite concluír, considerando os indicadores precedentes, que o perfil de acceso non está a evidenciar cambios significativos. O título sigue atraendo expedientes por enriba do 10, en suma, expedientes de excelencia.
- **Porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados:** Porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre estudantes matriculados, sen contabilizar aos estudantes matriculados en programas de mobilidade incoming. A mosca información sobre o perfil de ingreso do alumnado e a súa procedencia.

	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22
Total	0.51	0.97	1.87	1.43	1.83	1.35

Esta porcentaxe mantense en niveis baixos, non obstante, o título admite 50 alumnos anualmente, 5 dos cales será de Dobre Grao, polo que a atracción de alumnado estranxeiro non é unha prioridade, senón dar servizo ó alumnado do SUG en primeira instancia. Aínda así, e dado que o PDI do título manifesta advertir a presenza de estudantado estranxeiro nunha porcentaxe que superaría as cifras facilitadas pola ACMP, propoñemos unha acción de mellora ao respecto.

- **Porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados:** Porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre estudantes matriculados, sen contabilizar aos estudantes matriculados en programas de mobilidade incoming. Amosa información sobre o perfil de ingreso do alumnado e a súa procedencia.

	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22
Total	3.08	1.94	1.87	1.43	1.83	2.69

Neste caso, a pesares de que o indicador ofrece valores en alza, o título segue a dar servizo prioritariamente a estudantes do SUG.

Polo demais, A GIUG ofrece a seguinte información sobre a procedencia dos estudantes en 2021-2022:

Procedencia cota Xeral

Lugar	Matricula	Lugar	Matricula	Lugar	Matricula
España	52	Galicia	50	A Coruña	24
				Lugo	9
				Ourense	
				Pontevedra	17
		Outras comunidades	2		
Estranxeiro		Paises Unión Europea ou con acordo			
		Paises sen acordo			

Si realizamos unha análise comparativa do último bienio, evidénciase que a tendencia é esencialmente a mesma: trátase dun título que sigue atraendo e dando servizo ao alumnado galego.

2020-2021:

Procedencia cota Xeral

Lugar	Matricula	Lugar	Matricula	Lugar	Matricula
España	54	Galicia	52	A Coruña	22
				Lugo	5
				Ourense	3
				Pontevedra	22
		Outras comunidades	2		
Estranxeiro		Paises Unión Europea ou con acordo			
		Paises sen acordo			

- Sobre a **Relación de estudantes preinscritos en 1ª opción matriculados por 1ª vez sobre (dividido entre) as prazas ofertadas:** Número de estudantes preinscritos en primeira opción matriculados por primeira vez dividido entre as prazas ofertadas.

	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22
Total	52.00	70.00	80.00	82.00	96.00	84.00

Un indicador que proporciona información sobre a captación de alumnos, a cal, como se aprecia, sigue sendo elevada e estable. A CIUG proporciona, ademais, os seguintes datos: 146 alumnos solicitaron entrar no título como 1ª opción. No primeiro prazo de matrícula (1ª chamada): o 90% dos demandantes formalizou a matrícula, 45 alumnos para 50 prazas ofertadas. Na 2ª chamada: o 110%, isto é, os 55 alumnos finalmente admitidos.

- O anterior indicador debe estimarse, ademais, en relación co indicador **Taxa de ocupación**, isto é, o número de estudantes de novo ingreso por preinscrición dividido entre as prazas ofertadas.

Taxa directamente relacionada coa capacidade de captación de alumnado, por enriba do 100%:

	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22
Total	98.00	100.00	100.00	100.00	106.00	104.00

Perfil de egreso


Sobre este perfil dispoñemos dunha fonte de información propia que proporciona datos de inserción laboral actualizados. Trátase das enquisas de inserción laboral que xestiona o propio centro, coa denominación Enquisa sobre Continuidade coa Formación e Inserción Laboral de Egresados.

Enquisa propia da Facultade de Ciencias da Comunicación:

- **Matriculación de acceso:** Número de estudantes que se matriculan por primeira vez, incluído o alumnado que traslada expediente, que accede por validación de estudos estranxeiros ou que se adapta desde plans en extinción

	2021-22
Total	25.00

- **Matrícula de novo ingreso por preinscripción:** Número de estudantes que se matriculan no primeiro curso dun plan de estudos por primeira vez, sen contar aos estudantes que acceden a través de validación parcial de estudos estranxeiros, traslados ou adaptacións desde plans en extinción.

	2021-22
Total	25.00

- **Nota media de acceso por preinscripción:**

	2021-22
Total	7.73

- **Porcentaxe de estudantes que acceden á titulación con puntuación igual ou superior a 6:**

	2021-22
Total	93.75

- **Porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados:**

	2021-22
Total	20.00

- **Porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados:** Véxase a acción de mellora ao respecto.

	2021-22
Total	0.00

Sobre a procedencia do alumnado do máster, a ACMP ofrece a seguinte información:



CENTRO DE DATOS E PROCESOS
centro.datos@usc.gal

I2. Número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia Máster Universitario en Xornalismo e Comunicación Multimedia: Novas Tendencias en Produción, Xestión - P3382V01

Ano académico	Titulación de procedencia	Num. de estudantes
2021/2022	Grao en Ciencia Política e da Administración pola Universidade de Santiago de Compostela	1
	Grao en Comunicación Audiovisual pola Universidade de Santiago de Compostela	2
	Grao en Comunicación Audiovisual pola Universidade de Vigo	4
	Grao en Comunicación pola Universidade Oberta de Catalunya	1
	Grao en Lingua e Literatura Españolas pola Universidade de Santiago de Compostela	1
	Grao en Lingua e Literatura Inglesas pola Universidade de Santiago de Compostela	1
	Grao en Xornalismo pola Universidade de Santiago de Compostela	6
	Estudios Realizados no Estranxeiro	7
	Licenciado en Xornalismo	2
	Total 2021/2022	25

Fonte: Base de datos de matrícula da USC proporcionada pola Área de Tecnoloxías da Información e Comunicacións (ATIC) actualizada a data fin de ano académico para o curso 2021/2022. Están excluídos/as as/os estudantes matriculados/as ao abeiro do programa Erasmus e doutros convenios.

- **Taxa de ocupación:** Número de estudantes de novo ingreso por preinscripción dividido entre as prazas ofertadas. Este indicador ofrece información sobre a captación de alumnado.

	2021-22
Total	83.33

Accións de Captación de alumnado de máster: A vicerreitoría de titulacións, en 2022-23, ven de reforzar as accións institucionais de captación dos másteres que ofrece a USC. Ademais do cal, están previstas sesións informativas co alumnado de 3º dos graos (e de dobre grao) que se imparten no centro, sobre o título de máster, ao tempo que, as redes sociais da Facultade veñen de incorporar accións de divulgación do citado título.

- **Porcentaxe de matriculados que son titulados da USC:** Indicador que amosa información sobre o perfil de ingreso ao tempo que sobre a captación de alumnado por parte do título.

	2021-22
Total	44.00

Perfil de ingreso: Moi similar ó perfil de ingreso do máster extinto. É un obxectivo conseguir atraer expedientes que superen todos eles o 6. Por último, apréciase que o máster atrae, principalmente, alumnado procedente de Galicia, e en menor medida alumnado estranxeiro, sin apreciarse unha caída na nota media de acceso por preinscripción.

✓ **Análise de resultados de aprendizaxe previstos nas memorias de verificación:**

A Área de Calidade e Mellora dos Procedementos recopila, sistematiza e facilita os datos relativos aos Indicadores comprendidos entre os Resultados de Aprendizaxe (Evidencia 26. Mecanismos utilizados para a análise da adquisición dos resultados de aprendizaxe).

Grao en Comunicación Audiovisual:

- **Taxa de rendemento:** Relación porcentual entre o número total de créditos ordinarios que superaron os estudantes o número total de créditos ordinarios en que se matricularon.

Como promedio, superouse o 88,8% dos créditos en que se matriculou o alumnado do título. Traslados ao marco da Memoria Verificada do Título estímase o 90% como valor ideal do que, como se parecía, non dista practicamente o valor real.

	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22
Total	92.16	90.76	90.84	93.69	89.13	88.49

- **Taxa de éxito:** Relación porcentual entre o número total de créditos ordinarios que superaron os estudantes e o número total de créditos ordinarios aos que se presentaron:

Como promedio, superáronse máis do 96% dos créditos dos que se examinaron/ presentaron os estudantes do título. Así pois, non se superaron menos dun 4% dos créditos aos que se presentaron.

	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22
Total	97.13	97.13	97.49	98.92	98.01	96.89

- **Taxa de avaliación:** Relación porcentual entre o número total de créditos ordinarios aos que se presentaron os estudantes e o número total de créditos ordinarios matriculados. Neste caso, non se dispón de valores numéricos na Memoria do título.

	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22
Total	94.87	93.43	93.18	94.72	90.94	91.34

Grao en Xornalismo

- **Taxa de rendemento:** Relación porcentual entre o número total de créditos ordinarios que superaron os estudantes o número total de créditos ordinarios en que se matricularon. **Como promedio, superouse en torno ao 90% dos créditos en que se matriculou o alumnado do título.** Advírtase que esta mesma Taxa, contemplada no marco da Memoria Verificada do Título situábase no 90%, polo tanto, cúmplase a previsión alí realizada.

	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22
Total	90.52	92.87	93.84	94.95	93.99	89.84

- **Taxa de éxito:** Relación porcentual entre o número total de créditos ordinarios que superaron os estudantes e o número total de créditos ordinarios aos que se presentaron.

Como promedio, superáronse máis do 95% dos créditos dos que se examinaron/ presentaron os estudantes do título.

	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22
Total	98.07	98.14	97.71	98.61	97.60	95.82

- **Taxa de avaliación:** Relación porcentual entre o número total de créditos ordinarios aos que se presentaron os estudantes e o número total de créditos ordinarios matriculados.

	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22
Total	92.30	94.63	96.05	96.29	96.31	93.76

En termos xerais, en ambos títulos, aínda que as taxas relativas ós resultados se manteñen en valores entre o 90 e 100%, veñen experimentando un descenso nos últimos anos.

Dobre Grao en Xornalismo e en Comunicación

- **Taxa de rendemento:**

	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22
Total	99.17	98.28	98.95	97.74	95.07	97.07

- **Taxa de éxito:**

	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22
Total	99.17	98.85	99.37	99.47	98.84	99.84

- **Taxa de avaliación:**

	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22
Total	100.00	99.43	99.58	98.26	96.19	97.23

Como se observa, no caso do alumnado de Dobre Grao, as taxas relativas ós resultados son máis elevadas que no caso do estudiantado dos graos, xa que se encontran entre o 95 e o 100% en tódolos casos.

Máster Universitario en Xornalismo e Comunicación (extinto)

- **Taxa de rendemento:** Relación porcentual entre o número total de créditos ordinarios que superaron os estudantes o número total de créditos ordinarios en que se matricularon.

A taxa só reflicte ó alumnado que quedou pendente de defender o TFM.

	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22
Total	94.07	77.35	78.71	78.08	92.39	50.00

- **Taxa de éxito:** Relación porcentual entre o número total de créditos ordinarios que superaron os estudantes e o número total de créditos ordinarios aos que se presentaron.

Como se aprecia, si ben o alumnado superou a totalidade dos créditos aos que se presentaron, a Taxa de rendemento só foi do 50% superados, dos créditos en que se matricularon.

	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22
Total	100.00	92.35	97.55	98.56	100.00	100.00

- **Taxa de avaliación:** Relación porcentual entre o número total de créditos ordinarios aos que se presentaron os estudantes e o número total de créditos ordinarios matriculados.

A Taxa de avaliación confirmanos que o estudantado non egresado em 2020-2021, no curso seguinte (2021-2022) só se matriculou no TFM, último requisito para obter o título.

	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22
Total	94.07	83.76	80.69	79.22	92.39	50.00

Debe engadirse que na avaliación dos resultados de aprendizaxe, ademáis dos indicadores arriba sinalados, consideráanse así mesmo:

- Os resultados das enquisas de satisfacción en xeral, e particularmente as que afectan á docencia recibida e impartida, e aquelas outras que afectan ás prácticas externas, tanto as dirixidas ao alumnado como aos titores externos e aos académicos. Estes datos son proporcionados ao centro pola Área de Calidade e Mellora dos Procedementos da USC.
- Os resultados da enquisa propia do centro sobre Desenvolvemento e satisfacción co TFG, cuos resultados se encontran expostos na web da Facultade.
- Os informes de acreditación de cualificacións das materias do plan de estudos, tamén proporcionados polas Área de Calidade e Mellora dos Procedementos ([Evidencia 26](#) Informes/listaxe das calificacións de cada unha das materias dos títulos), a través da AASX (Aplicación de control de Sistema de Xestión).

- ✓ **Información sobre satisfacción, necesidades e expectativas, queixas e suxestións dos grupos de interese relativos ao conxunto da titulación** (os relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe analízanse na Directriz 3)

A continuación expoñemos as ENQUISAS DE SATISFACCIÓN DO ALUMNADO COA TITULACIÓN (2021/22) nos graos e no dobre grao. Ningunha destas enquisas rixe para os títulos de máster.

Grao en Comunicación Audiovisual

Satisfacción do alumnado coa titulación

Curso académico	2018/2019	2019/2020	2020/2021	2021/2022
Pregunta	Media	Media	Media	Media
Cal é a túa valoración dos trámites de matriculación?	N/A	4.13	4.00	3.00
Consideras que a información dispoñible sobre a túa titulación é axeitada?	N/A	2.87	3.11	2.00
Valora a atención prestada polo persoal de administración e servizos	N/A	3.87	3.78	3.25
Valora a orientación profesional e laboral recibida no teu centro.	N/A	2.67	2.56	2.40
Os recursos educativos dispoñibles son axeitados?	N/A	2.80	3.24	1.60
As infraestruturas e materiais dispoñibles no centro son axeitados?	N/A	2.73	3.33	2.00
O campus virtual é útil e facilita as miñas xestións académicas?	N/A	3.53	3.72	2.60
Os horarios deste cursos foron axeitados?	N/A	3.88	3.12	2.40
A carga de traballo está ben distribuída?	N/A	3.25	3.06	2.80
O calendario de probas de avaliación é razoable?	N/A	3.75	4.28	3.80
A titulación é equilibrada nos seus contidos teóricos e prácticos.	N/A	2.25	2.50	1.20
En xeral, considero que a titulación está ben organizada.	N/A	2.25	2.28	1.40
A oferta e prácticas é atractiva?	N/A	2.06	2.28	2.00
En xeral, síntome satisfeito/a coa titulación neste curso.	N/A	2.81	2.89	2.60
Curso académico	2018/2019	2019/2020	2020/2021	2021/2022
Valoración global	N/A	3.06	3.15	2.35
Participación	N/A	12.03%	13.43%	3.70%

Tras varias accións de mellora encamiñadas a acometer os campos peor valorados neste grao: a oferta de prácticas e a orientación profesional e laboral recibida no centro, en canto ao primeiro, apréciase unha certa contradicción entre este valor: 2,00, e o valor acadado no IN19GSatisfacción coas prácticas externas: 3,00.

Grao en Xornalismo

Satisfacción do alumnado coa titulación

Curso académico	2018/2019	2019/2020	2020/2021	2021/2022
Pregunta	Media	Media	Media	Media
Cal é a túa valoración dos trámites de matriculación?	N/A	3.68	4.25	3.82
Consideras que a información dispoñible sobre a túa titulación é axeitada?	N/A	2.79	3.13	2.91
Valora a atención prestada polo persoal de administración e servizos	N/A	3.47	3.88	3.82
Valora a orientación profesional e laboral recibida no teu centro.	N/A	2.53	2.75	2.64
Os recursos educativos dispoñibles son axeitados?	N/A	2.58	2.88	3.00
As infraestruturas e materiais dispoñibles no centro son axeitados?	N/A	2.63	3.13	2.70
O campus virtual é útil e facilita as miñas xestións académicas?	N/A	3.11	3.75	4.09
Os horarios deste cursos foron axeitados?	N/A	2.42	3.13	2.60
A carga de traballo está ben distribuída?	N/A	2.21	2.75	2.00
O calendario de probas de avaliación é razoable?	N/A	3.53	3.63	2.90
A titulación é equilibrada nos seus contidos teóricos e prácticos.	N/A	2.74	2.88	2.45
En xeral, considero que a titulación está ben organizada.	N/A	2.16	2.75	2.18
A oferta e prácticas é atractiva?	N/A	2.21	3.25	3.09
En xeral, síntome satisfeito/a coa titulación neste curso.	N/A	2.68	3.13	2.91
Curso académico	2018/2019	2019/2020	2020/2021	2021/2022
Valoración global	N/A	2.77	3.23	2.95
Participación	N/A	9.55%	4.73%	5.82%

A valoración e a participación nos graos descenderon en 2021-2022 con respecto ó curso anterior. Agora ben, o descenso foi moito máis acusado no caso de Comunicación Audiovisual, cuio estudantado valora por debaixo de 3 a meirande parte dos ítemes. En especial, son coincidentes as valoracións baixas en canto á orientación profesional, a distribución na carga de traballo e a organización da titulación. Asuntos que, reiteradamente, se tratan nas sesións de traballo propias da coordinación docente dos títulos, a pesares do cal o resultado segue a ser modesto. Polo demais, si se observan as valoracións realizadas no marco do Dobre Grao, advírtese unha mellor valoración en tódolos ítemes que no caso dos graos, a excepción da orientación laboral e da organización do itinerario de estudos. Con respecto a esto último, as reunións cos delegados de curso e os representantes de estudantes nas Comisións Académicas, de cara á modificación dos títulos, agárdase que incida positivamente na percepción do estudiantado. Sobre a orientación profesional e laboral, en 2021-2022, a USC puxo en marcha o Programa Mentor, destinado a realizar este labor entre alumnado de todos os títulos, ao tempo que se puxo en marcha un Módulo de orientación laboral e empregabilidade.

Ademais do anterior, o equipo decanal está a dinamizar o contacto dos egresados/as coa Facultade; así, en Instagram (e noutras redes sociais) incluíuse unha sección de *Alumni* na que se da conta de visitas que fan ao centro para participar en distintas actividades (expoñer a súa experiencia profesional nas aulas, deixar mensaxes sobre a súa experiencia logo de rematar os estudos, tamén se da conta de premios obtidos con proxectos que xurdiron na Facultade ou á marxe dela, etc.). Ademais do cal, vense de axendar unha charla anual, a finais de curso, con FEUGA (Fundación Empresa Universidad Gallega), destinada ó alumnado dos títulos que egresa en 2023, co obxecto de ofrecerlle orientación laboral.

Porén, convén realizar unha acción de mellora ó respecto de cara a visibilizar, máis si cabe, a orientación profesional ó alumnado, particularmente, e a súa visión do título en xeral.

A curta documental "Dores" continúa recollendo premios



UN PROXECTO DE EX-ALUMNAS DE CAV

ALUMNI

facom_usc ...

facom_usc A curta documental "Dores" (@doresdoc) vén de gañar o primeiro premio do Festival de Cine Social Universitario, na categoría Documental de Estudantes. Coral Piñeiro, Laura Piñeiro, Maite Martínez e Clara Miñán, ex-alumnas da FaCom, realizaron este proxecto como TFG na promoción do 2020 do Grao en Comunicación Audiovisual.

"Dores" conta xa cunha importante traxectoria por distintos festivais internacionais, como o Ourense Film Festival, DOCS Barcelona, InCorto Film Festival México ou El Cine Suma Paz (Colombia). Podes ver o trailer no link da story.

Parabéns! 🎉


#alumnifacomusc
24 sem Ver traducción

anaisa_rodriguez_vazquez 🍷🍷🍷🍷🍷🍷🍷🍷
Moitos parabéns a todas!!!!
24 sem 1 Me gusta Responder Ver traducción

coral_pi moitas grazas 🙏💙💜🌟
24 sem 1 Me gusta Responder Ver traducción

64 Me gusta
OCTUBRE 17, 2022

😊 Añade un comentario... Publicar



son da promoción de
Xornalismo do 2011.

Alejandro Gándara

Xornalismo 2011

Creador de Dorothé na Vila

ALUMNI

facom_usc ...

Audio original

facom_usc O noso profesional FaCom desta semana é Alejandro Gándara, graduado en Xornalismo da promoción 2011-2015 🏆

A súa traxectoria profesional está agora orientada cara a produción audiovisual, tanto en proxectos propios como alleos.

Entre os seus proxectos persoais destacamos "Dorothé na Vila" (@dorothenavila) un documental que podes ver en Filmin.

#alumnifacomusc
Editado · 21 sem Ver traducción
nov 2, 2022

51 Me gusta
OCTUBRE 31, 2022

😊 Añade un comentario... Publicar



ALUMNI

O meu traballo consiste na redacción dos informativos, pois facer

Paula Graña
Xornalismo 2018
Radio Galega

facom_usc
Audio original

facom_usc Paula Graña (@paula_granha), ex-alumna da FaCom, traballa como xornalista na @radiogalega. Confesa que é un traballo moi dependente da actualidade (ata con tensión ás veces!), mais goza da súa vocación e de poder estar preto das historias da xente 🗣️

#alumnifacomusc
25 sem Ver traducción

63 Me gusta
OCTUBRE 10, 2022

Añade un comentario... **Publicar**

Dobre Grao en Xornalismo e en Comunicación Audiovisual

Satisfacción do alumnado coa titulación

Curso académico	2018/2019	2019/2020	2020/2021	2021/2022
Pregunta	Media	Media	Media	Media
Cal é a túa valoración dos trámites de matriculación?	N/A	3.60	3.67	4.50
Consideras que a información dispoñible sobre a túa titulación é axeitada?	N/A	1.80	3.00	3.50
Valora a atención prestada polo persoal de administración e servizos	N/A	3.40	3.50	4.50
Valora a orientación profesional e laboral recibida no teu centro.	N/A	1.80	2.33	2.50
Os recursos educativos dispoñibles son axeitados?	N/A	2.60	3.00	4.00
As infraestruturas e materiais dispoñibles no centro son axeitados?	N/A	2.40	2.67	3.50
O campus virtual é útil e facilita as miñas xestións académicas?	N/A	3.40	3.17	3.00
Os horarios deste cursos foron axeitados?	N/A	3.20	3.17	3.50
A carga de traballo está ben distribuída?	N/A	2.60	2.67	4.00
O calendario de probas de avaliación é razoable?	N/A	3.20	3.83	5.00
A titulación é equilibrada nos seus contidos teóricos e prácticos.	N/A	2.00	2.83	3.50
En xeral, considero que a titulación está ben organizada.	N/A	1.60	1.50	1.50
A oferta e prácticas é atractiva?	N/A	2.20	3.00	4.00
En xeral, síntome satisfeito/a coa titulación neste curso.	N/A	3.00	2.00	3.50
Curso académico	2018/2019	2019/2020	2020/2021	2021/2022
Valoración global	N/A	2.63	2.88	3.61
Participación	N/A	25.00%	22.22%	8.33%

- A Área de Calidade e Mellora dos Procedementos facilita, asemade, o INFORME DAS ENQUISAS DE SATISFACCIÓN DO PDI COA TITULACIÓN (21/22), cuos valores son, como pode apreciarse, elevados e a participación supera o 50% en CAV:

Grao en Comunicación Audiovisual

Satisfacción do profesorado coa titulación

Curso académico	2018/2019	2019/2020	2020/2021	2021/2022
Pregunta	Media	Media	Media	Media
Consideras que a información que tes sobre a túa titulación é axeitada? (aspectos organizativos e de xestión, plan de estudos, competencias)	N/A	4.05	4.16	3.95
Valora a atención prestada polo persoal de administración e servizos.	N/A	4.37	4.32	4.25
Os recursos educativos dispoñibles son axeitados?	N/A	3.89	3.95	3.80
As aulas e o seu equipamento están en bo estado e son adecuadas para o meu labor docente?	N/A	3.68	3.63	3.75
O campus virtual facilita a miña labor docente?	N/A	4.16	4.00	4.10
As vías existente para participar na mellora da calidade son axeitadas?	N/A	4.24	3.58	3.85
Os horarios existentes son axeitados?	N/A	4.16	3.79	3.80
A carga de traballo está ben distribuída?	N/A	4.00	3.84	3.80
O calendario de probas de avaliación é razoable?	N/A	4.28	4.42	4.15
As e os docentes estamos coordinados na organización do título?	N/A	3.63	3.63	3.45
A titulación é equilibrada nos seus contidos teóricos e prácticos?	N/A	4.06	4.00	3.95
O alumnado recibe unha formación en competencias profesionais axeitada?	N/A	4.00	3.79	4.00
En xeral, considero que a titulación está ben organizada?	N/A	3.95	3.95	3.95
Valora a calidade docente da túa titulación.	N/A	4.26	4.05	4.00
O alumnado cumpre coa planificación académica sen problemas?	N/A	4.28	4.05	4.10
O alumnado acode con regularidade ás clases?	N/A	4.11	3.79	3.80
O alumnado implicase na titulación?	N/A	3.89	3.89	3.75
O alumnado está satisfeito coa titulación?	N/A	3.83	3.71	3.40
En xeral, síntome satisfeito/a coa titulación.	N/A	4.39	4.05	3.95
Curso académico	2018/2019	2019/2020	2020/2021	2021/2022
Valoración global	N/A	4.06	3.93	3.88
Participación	N/A	43.18%	47.50%	60.61%

- No caso de **XOR** a coordinación docente do título deberá seguir insistindo ao PDI do título de cara a acadar unha participación igual ou superior ao 50%:

Grao en Xornalismo

Satisfacción do profesorado coa titulación

Curso académico	2018/2019	2019/2020	2020/2021	2021/2022
Pregunta	Media	Media	Media	Media
Consideras que a información que tes sobre a túa titulación é axeitada? (aspectos organizativos e de xestión, plan de estudos, competencias)	N/A	3.96	4.00	4.00
Valora a atención prestada polo persoal de administración e servizos.	N/A	4.38	4.17	4.16
Os recursos educativos dispoñibles son axeitados?	N/A	3.91	4.21	4.16
As aulas e o seu equipamento están en bo estado e son adecuadas para o meu labor docente?	N/A	3.33	3.96	4.11
O campus virtual facilita a miña labor docente?	N/A	3.92	4.17	4.26
As vías existente para participar na mellora da calidade son axeitadas?	N/A	3.67	3.54	3.79
Os horarios existentes son axeitados?	N/A	3.96	3.96	3.89
A carga de traballo está ben distribuída?	N/A	3.71	3.92	4.05
O calendario de probas de avaliación é razoable?	N/A	4.38	4.25	4.32
As e os docentes estamos coordinados na organización do título?	N/A	3.74	3.88	3.95
A titulación é equilibrada nos seus contidos teóricos e prácticos?	N/A	4.09	4.04	4.16
O alumnado recibe unha formación en competencias profesionais axeitada?	N/A	4.09	4.00	4.05
En xeral, considero que a titulación está ben organizada?	N/A	4.04	4.08	4.05
Valora a calidade docente da túa titulación.	N/A	4.09	4.21	4.00
O alumnado cumpre coa planificación académica sen problemas?	N/A	4.21	4.00	3.89
O alumnado acode con regularidade ás clases?	N/A	4.17	3.83	3.53
O alumnado implícase na titulación?	N/A	3.96	3.83	3.37
O alumnado está satisfeito coa titulación?	N/A	3.78	3.50	3.58
En xeral, síntome satisfeito/a coa titulación.	N/A	4.13	4.08	3.95
Curso académico	2018/2019	2019/2020	2020/2021	2021/2022
Valoración global	N/A	3.97	3.98	3.96
Participación	N/A	38.71%	41.38%	45.24%

- **DOBRE GRAO:** Neste caso obtense a valoración máis elevada, no marco dos títulos de grao, por parte do PDI, ao tempo que se cumpre coa participación, como mínimo, do 50%.

Dobre Grao en Xornalismo e en Comunicación Audiovisual

Satisfacción do profesorado coa titulación

Curso académico	2018/2019	2019/2020	2020/2021	2021/2022
Pregunta	Media	Media	Media	Media
Consideras que a información que tes sobre a túa titulación é axeitada? (aspectos organizativos e de xestión, plan de estudos, competencias)	N/A	3.96	4.14	4.00
Valora a atención prestada polo persoal de administración e servizos.	N/A	4.46	4.29	4.27
Os recursos educativos dispoñibles son axeitados?	N/A	3.79	4.11	4.31
As aulas e o seu equipamento están en bo estado e son adecuadas para o meu labor docente?	N/A	3.63	4.04	4.00
O campus virtual facilita a miña labor docente?	N/A	4.07	4.07	4.46
As vías existente para participar na mellora da calidade son axeitadas?	N/A	3.82	3.71	3.92
Os horarios existentes son axeitados?	N/A	4.07	3.71	3.73
A carga de traballo está ben distribuída?	N/A	4.00	3.89	3.69
O calendario de probas de avaliación é razoable?	N/A	4.36	4.25	4.27
As e os docentes estamos coordinados na organización do título?	N/A	3.71	3.86	3.77
A titulación é equilibrada nos seus contidos teóricos e prácticos?	N/A	4.07	4.07	4.19
O alumnado recibe unha formación en competencias profesionais axeitada?	N/A	4.07	4.00	3.96
En xeral, considero que a titulación está ben organizada?	N/A	4.07	3.89	3.92
Valora a calidade docente da túa titulación.	N/A	4.11	4.11	3.96
O alumnado cumpre coa planificación académica sen problemas?	N/A	4.32	4.18	4.12
O alumnado acode con regularidade ás clases?	N/A	4.18	3.89	3.88
O alumnado implicase na titulación?	N/A	4.00	3.93	3.65
O alumnado está satisfeito coa titulación?	N/A	3.92	3.63	3.50
En xeral, síntome satisfeito/a coa titulación.	N/A	4.11	4.07	3.96
Curso académico	2018/2019	2019/2020	2020/2021	2021/2022
Valoración global	N/A	4.04	3.99	3.98
Participación	N/A	39.44%	40.58%	50.98%

Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado

Estándar: o centro ten implantados procedementos para garantir que as accións que emprende ao impartir as súas titulacións teñen como finalidade fundamental favorecer a aprendizaxe do alumnado, así como permitirles tomar un papel activo no deseño e desenvolvemento do proceso de aprendizaxe, e que a avaliación do alumnado reflicte este enfoque.

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado:
 - Aplicación de normativas predefinidas que cobren todo o ciclo de vida do alumnado (admisión, progresión, recoñecemento e certificación).
 - Admisión do alumnado (acción de captación).
 - Complementos formativos, curso de adaptación ou de nivelación, se procede.
 - Orientación académica (plan de acción tutorial) e profesional.
 - Mobilidade.
 - Metodoloxía de ensinanza e avaliación da aprendizaxe (adaptación a necesidades específicas de Aprendizaxe)
 - Avaliación da aprendizaxe
 - Prácticas externas.
 - Traballos fin de grao/máster (asignación, supervisión, avaliación).
 - Resultados da aprendizaxe nas materias do título.
 - Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

- ✓ **Aplicación de normativas predefinidas (admisión, progresión, recoñecemento e certificación)**

A **normativa xeral da USC** permite acometer as disfuncións, dúbidas, procedementos, etc. cúa resolución será necesaria para o desenvolvemento óptimo das ensinanzas dos títulos, das condicións de aprendizaxe e, así mesmo, da xestión de cada un dos resortes que sosteñen a dinámica xeral dun centro universitario. Asemade, a Facultade de Ciencias da Comunicación dispón de dous regulamentos específicos que complementan dita normativa xeral:

1. A regulamentación das prácticas externas a través da elaboración de convenios específicos. Cabe destacar que, de cara a mellorar as condicións de desfrute do período de prácticas externas por parte do alumnado, os **Convenios de prácticas** vixentes para os títulos que se imparten na Facultade de Ciencias da Comunicación, inclúen unha cláusula específica e insoslaible, relativa á obrigada remuneración que a empresa ou institución de acollida do alumnado debe sufragar. Esta remuneración constitúe un incentivo económico que emula a relación contractual coa que o alumnado se enfrontará unha vez egresado, ao tempo que evita a precarización do abano de empresas e/ou institucións coas que o centro establece convenios de prácticas e, finalmente, contribúe a valorizar a tarefa de formación do alumnado, máis alá da aula universitaria.

Punto 8.4 "As prácticas académicas externas comportarán unha contraprestación económica mínima de 950€ para estudos de Grao (12 créditos – 300 horas) e 475€ para estudos de máster (6 créditos – 150 horas) ambas estarán asimiladas a traballadores por conta allea para os efectos da súa inclusión no Réxime Xeral da Seguridade Social, de conformidade co Real Decreto 1493/2011, de 24 de outubro, no que se regulan os

termos e as condicións de inclusión no Réxime Xeral da Seguridade Social das persoas que participan en programas de formación."

2. O centro tamén dispón dun **Regulamento interno do TFG**, o cal contempla a posibilidade de que sexa o/a titor/a do traballo quen cualifique o TFG, de mutuo acordo co/a alumno/a, podendo obter deste modo ata un máximo de 8,9. Pola contra, en caso de que o alumno desexa ser cualificado por unha comisión, poderá acollerse a esta modalidade de proba, podendo alcanzar, de selo caso, ata un 10. Preténdese, así, aplicar un primeiro filtro de calidade, de xeito que aqueles traballos que, a priori, non resulten sobresalientes, non trascendan ás comisión xulgadoras.

Por outra parte, en aplicación da normativa xeral universitaria e das competencias específicas do centro, segundo a información da que dispoñemos relativa ao "Recoñecemento de estudos por experiencia profesional" e ao "Recoñecemento doutros estudos", en cuxos casos intervén o centro, en 2021-22 recibíronse as seguintes solicitudes –advirtase que as restantes solicitudes se tramitaron a través da correspondente Unidade de Xestión Académica, sen intervención da Facultade– (**E6. Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos**):

Curso 2021-2022

Grao en Comunicación Audiovisual (G3041P01):

- VALIDACIÓN PARCIAL DE ESTUDOS ESTRANXEIROS, **0 solicitudes**
- RECOÑECEMENTO DA EXPERIENCIA PROFESIONAL, **2 solicitude**
- RECOÑECEMENTO DOS ESTUDOS UNIVERSITARIOS, **5 solicitudes**
- RECOÑECEMENTO DE ESTUDOS NON UNIVERSITARIOS (Ciclo Superior), **2 solicitudes**

Grao en Xornalismo (G3031P01):

- VALIDACIÓN PARCIAL DE ESTUDOS ESTRANXEIROS, **0 solicitudes**
- RECOÑECEMENTO DA EXPERIENCIA PROFESIONAL, **0 solicitudes**
- RECOÑECEMENTO DOS ESTUDOS UNIVERSITARIOS, **10 solicitudes**
- RECOÑECEMENTO DE ESTUDOS NON UNIVERSITARIOS (Ciclo Superior), **0 solicitudes**

Máster Universitario en Xornalismo e Comunicación Multimedia (P3382V01):

- RECOÑECEMENTO DA EXPERIENCIA PROFESIONAL, **1 solicitude**

✓ **Admisión do alumnado (acción de captación)**

Grao en Comunicación Audiovisual

Grao en Xornalismo

Dobre Grao en Xornalismo e en Comunicación

Dados os valores dos indicadores relativos ao perfil de ingreso arriba plasmados, e sobre todo os relativos á Taxa de Ocupación, pode concluírse que, si ben non é preciso desenvolver tarefas de captación de alumnado específicas no contexto galego, dado que dificilmente os títulos poden asumir a enorme demanda que recae sobre eles anualmente, procedente deste contexto; sen embargo, os títulos acóllense ás accións de captación que, de modo xeral, realiza a Universidade de Santiago de Compostela, tanto no nivel nacional coma no internacional, dado que os valores correspondentes aos indicadores de mobilidade entrante -neste caso debido a que o alumnado que se recibe no centro procedente dun dobre grao, pode cursar materias do grao que decida, sexa Xornalimos, sexa Comunicación Audiovisual-e de captación de alumnado nacional de fóra de Galicia son máis modestos.

Máster Universitario en Xornalismo e Comunicación Multimedia

Considerando os valores dos indicadores relativos ao perfil de ingreso e a Taxa de Ocupación, expostos con anterioridade o máster acóllese ás accións de captación institucionais desenvolvidas pola vicerreitoría de titulacións. Ademais dos cal, están previstas sesións informativas co alumnado de 3º dos graos (e dobre grao) que se imparten no centro, sobre o título de máster, ao tempo que as redes sociais da Facultade veñen de incorporar accións de divulgación do citado título.

✓ **Complementos formativos, curso de adaptación ou de nivelación**

Non aplica

✓ **Orientación académica (plan de acción tutorial) e profesional**

A Facultade de Ciencias da Comunicación soporta a súa acción tutorial en varios resortes, os cales se expoñen a continuación. Todo o cal se publica na web do centro:

<https://nubeusc.sharepoint.com/sites/centro-ciencias-comunicacion>

<https://nubeusc.sharepoint.com/sites/centro-ciencias-comunicacion/SitePages/Acci%C3%B3n-Tutorial.aspx>

- **Alumnado-titor:** o cal ten presenza na Comisión de Calidade, un papel activo nas xornadas de acollida ao novo alumnado, dispón de oficina e horario de atención ao estudantado no propio centro e a través da nosa web –onde se expoñen os seus cometidos concretos–, atención que atinxe, asemade, ao alumnado que realiza prácticas externas.
- **Accións de captación de alumnado:** consistentes nunha sistemática tarefa de colaboración con empresas e institucións dos sectores nos que ten cabida o alumnado dos títulos; ao tempo que nunha estreita colaboración co programa A Ponte que desenvolve a USC destinado á promoción dos seus títulos nos centros de secundaria e bacharelato; e finalmente, na difusión a través das redes sociais do centro, daquelas actividades exitosas do noso alumnado, en tanto teñen acollida no entorno empresarial, institucional, e máis amplamente, social, en forma de premios, obtención de bolsas e múltiples recoñecementos, todo elo recollido na web do centro.
- **Programa de acollida e orientación a estudantes:** no que se inclúe o acto de benvida ao novo alumnado dos títulos, reunións informativas periódicas en torno aos programas de mobilidade e prácticas externas, así como aos Traballos de Fin de Grao, á participación nas diferentes oleadas de enquisas de satisfacción do alumnado, á orientación profesional; forma parte así mesmo deste programa de orientación o labor xa mencionado do alumnado-titor; a aplicación dun pautado de intervencións orientativas, amparadas nun protocolo de abandono potencial, de cara a disuadir/reorientar ao alumnado en risco de abandono; e por último a utilización do taboleiro electrónico, situado no vestíbulo principal do centro, onde se ofrece toda a información relevante para o alumnado, sobre convocatorias académicas e extraacadémicas de utilidade para este colectivo. A utilización das redes sociais da Facultade para informar de asuntos académicos como a convocatoria de bolsas. Asemade, o persoal da Unidade Administrativa do centro informa *in situ* ó alumnado, entre outras cuestións, das vías para a realización de reclamacións, queixas, trámites administrativos, prazos, etc. Sobre a orientación profesional, debe engadirse que o centro acóllese tamén aos servizos que, neste sentido, ten habilitados a USC, a través da Área de Orientación Laboral e Emprego (<https://www.usc.gal/es/servicios/unidades/area-orientacion-laboral-empleo>)
- **Apoio tutorial extraordinario:** ao amparo do que contempla a USC para o alumnado que solicite esta ferramenta de axuda que habilita vías alternativas para a superación de materias nas que houbera unha imposibilidade polos cauces ordinarios.

O alumnado do máster, pola súa banda, non participa da mesma acción de acollida que o alumnado dos graos. No seu caso, a coordinación do título organiza unha reunión informativa ao inicio do periodo lectivo, sobre as características do máster: profesorado, materias e optatividade, TFM, horarios, oferta de prácticas e saídas profesionais posteriores. Ao tempo que aborda aqueles asuntos obxecto de accións de mellora, que afectan aos resultados, á participación nas enquisas, etc.

✓ **Mobilidade**

Na páxina web do centro infórmase sobre a mobilidade <https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-ciencias-comunicacion/mobilidade>, tanto das cuestións que xestiona de modo centralizado a USC, como dos programas de intercambio que o centro mantén, anualmente, activos.

Sobre os indicadores relativos á satisfacción do estudantado coa mobilidade saínte, demos conta anteriormente. A continuación, expoñemos o informe relativo á procedencia e o destino dos participantes na mobilidade do centro:



ÁREA DE CALIDADE E MELLORA
DOS PROCEDEMENTOS

INF 03 Procedencia-Destino dos estudantes participantes en programas de mobilidade

Facultade de Ciencias da Comunicación

1. Mobilidade saínte

Ano académico	Plan Estudos	Programa	País	Núm. estudantes		
2021/2022	G3031V01 - Grao en Xornalismo	Erasmus	ALEMANIA	1		
			FRANCIA	1		
			ITALIA	7		
			POLONIA	1		
			PORTUGAL	1		
			REPÚBLICA CHECA	1		
			TURQUÍA	2		
			Total Erasmus	14		
			SICUE	ESPAÑA	8	
			Total SICUE	8		
			Total	22		
			G3041V01 - Grao en Comunicación Audiovisual	Erasmus	BOSNIA HERZEGOVINA	1
					POLONIA	2
					PORTUGAL	2
TURQUÍA	1					
Total Erasmus	6					
SICUE	ESPAÑA	12				
Total SICUE	12					
Total	18					
G6021V01 - Dobre Grao en Xornalismo e en Comunicación Audiovisual	Erasmus	GRECIA			4	
		ITALIA			1	
2021/2022	G6021V01 - Dobre Grao en Xornalismo e en Comunicación Audiovisual	Erasmus	POLONIA	1		
			PORTUGAL	2		
			REPÚBLICA CHECA	1		
			Total Erasmus	9		
			SICUE	ESPAÑA	1	
			Total SICUE	1		
			Total	10		
			Total	50		

Como se aprecia, é maior a mobilidade saínte que a entrante (Saínte 50/ Entrante 35). No caso do Grao en Xornalismo, as universidades estranxeiras atraen a un maior número de estudantes, que as universidades españolas. Ocorre o mesmo co alumnado do Dobre Grao. No caso de Comunicación Audiovisual, invírtense os valores: o alumnado ten como destino maioritariamente outras universidades españolas, e en menor medida universidades estranxeiras.

No caso da mobilidade entrante, a meirande parte do alumnado procedeu de outras universidades españolas, e en menor medida de universidades estranxeiras. O mesmo sucede no caso da mobilidade entrante no Grao en Comunicación Audiovisual, que supera en número, 19 estudantes fronte a 16, á mobilidade entrante no Grao en Xornalismo.

No caso do Dobre Grao non figura mobilidade entrante porque se trata dunha simultaneidade de estudos, non ten estatuto de título específico, logo o estudantado entrante escollerá materias dun título ou doutro, pero non dunha simultaneidade de estudos. No caso do máster de nova implantación, non hai mobilidade saínte, pero sí entrante.

- Na p. 76, "Non hai mobilidade entrante para o Dobre Grao", cabe dicir que no caso do dobre grao non figura mobilidade entrante porque o alumnado se matricula libremente de materias dos dous graos, así que non contabiliza nunca nese título (programa de simultaneidade).

2. Mobilidade entrante

Ano académico	Plan Estudos	Programa	Zona	Sub Zona	País	Universidade	Núm. estudantes						
2021/2022	G3031V01 - Grao en Xornalismo	Convenio con Outras Universidades	AMÉRICA	AMÉRICA DEL SUR	CHILE	del Desarrollo	1						
						Universidade de Los Andes	1						
				AMÉRICA NORTE	MEXICO	Instit. Tecn. Estud. Superiores de Monterrey	1						
						Total Convenio con Otras Universidades	3						
		Erasmus	EUROPA	UNIÓN EUROPEA	FRANCIA	Université de Rennes I	1						
						ITALIA	Universitá Degli Studi di Roma (La Sapienza)	2					
							POLONIA	Uniwersytet Papieski Jana Pawla II W Krakowie	1				
		Total Erasmus	4										
		SICUE	EUROPA	UNIÓN EUROPEA	ESPAÑA	I.E. Universidade	1						
						Universidade de Castilla-La Mancha	1						
						Universidade de Extremadura	2						
Universidade de Malaga	2												
Universidade de Sevilla	2												
Total	16												
2021/2022	G3031V01 - Grao en Xornalismo	SICUE	EUROPA	UNIÓN EUROPEA	ESPAÑA	Universidade Politecnica de Cartagena	1						
						Total SICUE	9						
						G3041V01 - Grao en Comunicación Audiovisual	Convenio con Otras Universidades	AMÉRICA	AMÉRICA DEL SUR	ARGENTINA	Universidade Argentina de La Empresa	1	
											AMÉRICA NORTE	MEXICO	del Mayab
									Iteco	1			
						Total Convenio con Otras Universidades	4						
						Erasmus	EUROPA	RESTO DE EUROPA	TURQUÍA	Ösküdar Üniversitesi	1		
										UNIÓN EUROPEA	ALEMANIA	Albert-Ludwigs-Universität Freiburg	1
												ITALIA	Universitá Degli Studi di Torino
						Total Erasmus	3						
						SICUE	EUROPA	UNIÓN EUROPEA	ESPAÑA	I.E. Universidade	1		
Universidade de Extremadura	2												
Universidade de Granada	1												
Universidade de Malaga	1												
Universidade de Sevilla	2												
Universidade de Valencia	1												
Universidade Rey Juan Carlos	1												
Universidade Rovira I Virgili	1												
Total SICUE	10												
Total	17												
2021/2022	G3042V01 - Grao en Comunicación Audiovisual (2ºed)	Convenio con Otras Universidades	AMÉRICA	AMÉRICA DEL SUR	BRASIL	Pontificia Universidade Catolica de Sao Paulo	1						
						Total Convenio con Otras Universidades	1						
2021/2022	G3042V01 - Grao en Comunicación Audiovisual (2ºed)	Erasmus	EUROPA	UNIÓN EUROPEA	ITALIA	Universitá Degli Studi di Milano	1						
						Total Erasmus	1						
						Total	2						
2021/2022	P3382V01 - Máster Universitario en Xornalismo e Comunicación Multimedia: Novas Tendencias en Produción, Xestión	Erasmus	EUROPA	RESTO DE EUROPA	RUSIA	Novosibirsk State University	1						
						Total Erasmus	1						
						Total	1						
Total	36												

En 2021-2022 a ACMP non explotou o IN17G Porcentaxe de estudantes enviados pola USC a programas de mobilidade sobre o total de matriculados. Unicamente se ofrecen ó centro os valores relativos a IN18G, que detallamos a continuación:

Grao en Comunicación Audiovisual

Código	IN18G
Nome	Porcentaxe de estudantes recibidos pola USC de programas de mobilidade sobre o total de matriculados
Procedemento de Cálculo	Número de estudantes recibidos na USC nesa titulación procedentes doutras universidades (programas de mobilidade) dividido entre o número de estudantes matriculados no título. Permite coñecer a participación de estudantes en programas de mobilidade.

	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22
Total (%)	3,59	6,31	7,48	6,19	4,11	8,52

Grao en Xornalismo

IN18G

	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22
Total (%)	6,23	6,7	4,2	7,33	1,86	4,98

Dobre Grao en Xornalismo e en Comunicación Audiovisual

Neste caso, non se consigna mobilidade entrante neste itinerario de estudos -o alumnado non se matricula nunha titulación concreta, senón que o alumnado pode cursar materias de ambos títulos-, pero si houbo mobilidade saínte, si ben, como rixe para os títulos de grao, non se explotou o indicador IN17.

A pesares de que no Máster Universitario en Xornalismo e Comunicación Multimedia non hai mobilidade, consígnase entre a mobilidade entrante o caso de 1 estudante Erasmus Mundus que cursou 1-2 materias do título entre as súas optativas.

✓ Prácticas externas

Sobre o programa de prácticas externas do centro, con anterioridade demos conta dos indicadores dos que dispoñemos ao respecto en tódolos títulos, en concreto: resultados das enquisas de satisfacción de estudantes coas prácticas externas, de títors profesionais e de títors académicos co citado programa de prácticas; ao tempo que da porcentaxe de egresados dos títulos que realizaron prácticas.

Cabe sinalar que o programa de prácticas desenvolvido ao amparo do centro, e que da servizo aos títulos de grao, dobre grao e máster, posúe unha coordinadora académica para as prácticas de grao e dobre grao, así como personal de administración e servizos con funcións de xestión e apoio, tamén específico. No caso do título de máster, tal como se indica no PC-04 Desenvolvemento das ensinanzas, e finalmente dispón dunha sección igualmente específica na web do centro. Todo o cal evidencia a relevancia que este programa ten no perfil formativo dos nosos títulos.

<https://www.usc.gal/ql/centro/facultade-ciencias-comunicacion/practicas>

✓ **Traballos fin de grao/máster (asignación, supervisión, avaliación)**

Sobre as características do sistema de avaliación, contempladas no regulamento do TFG/TFM adoitado polo centro, demos conta con anterioridade. Polo demáis, na nosa web encóntrase toda a normativa ao respecto

<https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-ciencias-comunicacion/fg>

Asemade, poden consultarse as modalidades de realización do TFG, consensuada e aberta, que o centro oferta a propósito de cada título, e sobre cuia adxudicación se pronuncia a Comisión Académica e de TFG, tomando en consideración as solicitudes do alumnado ao respecto. No mesmo enlace encóntranse publicados os TFG defendidos durante os últimos cursos académicos.

Para finalizar, a propósito do TFG este centro activou, dende 2017/2018, a enquisa **Desenvolvemento e satisfacción co TFG**, cujos resultados, anteriormente expostos, encóntranse na nosa web:

[Facultade de Ciencias da Comunicación - Portada 1 \(sharepoint.com\)](#)

No caso dos Traballos de fin de máster, o enlace no que se expoñen os traballos defendidos nos últimos cursos académicos, é o que sigue: <https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-ciencias-comunicacion/tfm> (Evidencia 24: Listado de TFG/TFM dos 2 últimos cursos académicos, incluído título, titor, cualificación).

✓ **Resultados da aprendizaxe nas materias do título**

A Área de Calidade e Mellora dos Procedementos da USC facilita a este respecto tres informes, derivados doutros tantos indicadores, que se reproducen a continuación.

Grao en Comunicación Audiovisual

INF 17 - Informe acreditación de taxa de éxito das materias do plan de estudos: Na súa meirande parte entre o 95 e o 100%.

O valor do IN35G Taxa de Éxito é en 2021-2022: 96,89; sendo a media da USC: 87,21, case 10 puntos por debaixo.

Plan Estudos	Contido	2021/2022
G3041V01 - Grao en Comunicación Audiovisual	G3041101 - Identidade cultural e sociedade da información	100,00%
	G3041102 - Fundamentos de economía da información	100,00%
	G3041103 - Historia da comunicación audiovisual	100,00%
	G3041105 - Documentación audiovisual	0,00%
	G3041106 - Dereitos da comunicación e da autoría	100,00%
	G3041121 - Tecnoloxías da comunicación audiovisual	100,00%
	G3041122 - Linguaxe audiovisual	100,00%
	G3041123 - Escritura audiovisual	100,00%
	G3041124 - Produción en TV	100,00%
	G3041201 - Lingua galega	100,00%
	G3041202 - Lingua española	100,00%
	G3041203 - Estatística aplicada á comunicación audiovisual	95,74%
	G3041204 - Industrias culturais	95,45%
	G3041205 - Teorías e métodos da comunicación e da cultura	76,09%
	G3041221 - Expresión sonora e visual	100,00%
	G3041222 - Modalidades de ficción e de documental	100,00%
	G3041223 - Realización audiovisual	100,00%
	G3041224 - Comunicación e información xornalística	86,00%
	G3041225 - Programación e análise da recepción	97,87%
	G3041226 - Edición audiovisual	100,00%
G3041321 - Publicidade audiovisual	100,00%	

Plan Estudos	Contido	2021/2022
G3041V01 - Grao en Comunicación Audiovisual	G3041322 - Movements cinematográficos	95,83%
	G3041323 - Industrias creativas e ideación	100,00%
	G3041324 - Guión e adaptación	100,00%
	G3041325 - Produción cinematográfica	95,74%
	G3041326 - Dirección cinematográfica e interpretación	97,83%
	G3041327 - Dirección de fotografía e iluminación	97,78%
	G3041328 - Tratamento do son e estilos musicais	95,45%
	G3041329 - Montaxe cinematográfica	96,23%
	G3041341 - Cultura audiovisual contemporánea	100,00%
	G3041342 - Teoría e análise da televisión	80,00%
	G3041343 - Cine de autor	91,67%
	G3041421 - Políticas europeas do audiovisual	100,00%
	G3041422 - Xestión e estrutura da empresa audiovisual	100,00%
	G3041423 - Traballo fin de grao	100,00%
	G3041441 - Dirección de arte	96,30%
	G3041442 - Laboratorio de innovación e aplicación audiovisual	93,75%
	G3041443 - Documental contemporáneo	100,00%
	G3041444 - Inglés para comunicación audiovisual	100,00%
	G3041445 - Novos formatos e cibercultura	100,00%
	G3041446 - Promoción e difusión da obra audiovisual	85,71%
	G3041447 - Deseño e animación	96,55%
	G3041448 - Practicas en empresas	100,00%
	OPTGINT001 - Créditos Optativos Cursados en Réxime de Intercambio	89,66%
	OPTGINT002 - Créditos Optativos Cursados en Réxime de Intercambio	91,89%
	OPTGINT003 - Créditos Optativos Cursados en Réxime de Intercambio	100,00%

Plan Estudos	Contido	2021/2022
G3041V01 - Grao en Comunicación Audiovisual	OPTGINT004 - Créditos Optativos Cursados en Réxime de Intercambio	100,00%
G3042V01 - Grao en Comunicación Audiovisual (2ªed)	G3042101 - Teorías e métodos da comunicación e da cultura	87,50%
	G3042102 - Introducción á economía aplicada á comunicación	98,00%
	G3042103 - Historia da comunicación audiovisual	96,00%
	G3042104 - Institucións e actores políticos	95,92%
	G3042105 - Documentación audiovisual	100,00%
	G3042106 - Dereitos da comunicación e propiedade intelectual	98,00%
	G3042121 - Tecnoloxías audiovisuais e multimedia	97,96%
	G3042122 - Linguaxe audiovisual	96,08%
	G3042123 - Ideación e narrativa audiovisual	98,00%
	G3042124 - Fundamentos da produción audiovisual	100,00%

INF 18 - Informe acreditación de taxa de rendemento das materias do plan de estudos:

Neste título, o IN32M, IN55M, IN56M non arrojan datos debido a que non houbo, en 2021-2022, docencia interactiva.

Máster Universitario en Xornalismo e Comunicación Multimedia:

- **IN32M. Media de alumnos por grupo de docencia interactiva:** Relación entre o número de alumnos matriculados e o número de grupos de docencia interactiva.

	2021-22
Total	16,26

Está por enriba da media universitaria (12,29 USC).

- **IN55M. Media de alumnos matriculados en materis (FB e OB) por grupo de Teoría (expositivas):** Relación entre o número de alumnos matriculados en materias de formación básica e obrigatorias e o número de grupos de teoría desas materias.

	2021-22
Total	23,4

- **IN56M. Media de alumnos matriculados en materias optativas por grupo de teoría (expositivas):** Relación entre o número de alumnos matriculados en materias optativas e o número de grupos de teoría desas materias.

	2021-22
Total	19,16

- **Formación do profesorado**

No tocante á formación do profesorado, seguidamente amosamos os resultados da participación do PDI do centro en programas de formación da USC, os cales evidencia un incremento xeneralizado:

16-17. PARTICIPACIÓN DO PDI E PAS NOS PLANS DE FORMACIÓN Facultade de Ciencias da Comunicación. Curso 2021-2022

Facultade de Ciencias da Comunicación

PORCENTAJE DE PARTICIPACIÓN DO PROFESORADO DO TÍTULO NOS PLANS DE FORMACIÓN	Porcentaxe de PDI que realizou algún curso					
	2016-2017	2017-2018	2018-2019	2019-2020	2020-2021	2021-2022
Grao en Xornalismo	39,53%	18,18%	22,64%	33,87%	43,10%	21,74%
Grao en Xornalismo (2a ed)	-	-	-	-	-	10,53%
Grao en Comunicación Audiovisual	24,32%	7,89%	9,52%	50,00%	40,00%	23,08%
Grao en Comunicación Audiovisual (2a ed)	-	-	-	-	-	36,36%
Dobre Grao en Xornalismo e en Comunicación Audiovisual	-	-	-	-	42,03%	18,18%
Dobre Grao en Xornalismo e en Comunicación Audiovisual (2a ed)	-	-	-	-	-	26,32%
Máster Universitario en Xornalismo e Comunicación: Novas Tendencias en Produción, Xestión e Difusión do Coñecemento	43,75%	12,50%	16,67%	38,10%	54,55%	14,29%
Máster Universitario en Xornalismo e Comunicación Multimedia: Novas Tendencias en Produción, Xestión e Difusión do Coñecemento	-	-	-	-	-	26,09%

Por outra parte, o centro ven elaborando unha base de datos coas accións formativas do profesorado que este leva a cabo ó marxen do programa institucional de formación da Universidade de Santiago, ao tempo que unha base de datos coas estadias de investigación do profesorado que teñen lugar ó marxen dos programas institucionais suscritos pola USC; datos todos eles que se derivan das solicitudes de permisos de ausencia que realiza o PDI. Esta iniciativa debeuse a unha acción de mellora consistente en evidenciar toda a tarefa formativa e investigadora específica levada a cabo polo PDI, non asimilable á oferta formativa e de mobilidade da USC.

PERMISOS 2021-2022

Grao en Comunicación Audiovisual

PDI (POD)	Solicitudes (PL)	Mobilidade Institucional	Mobilidade Propia	Formación	Outras Causas	Porcentaxes sobre total de solicitudes			
						Mobilidade Institucional	Mobilidade Propia	Formación	Outras causas
52	25	0	8	6	11	0%	32,00%	24,00%	44,00%

Grao en Xornalismo

PDI (POD)	Solicitudes (PL)	Movilidade Institucional	Movilidade Propia	Formación	Outras Causas	Porcentaxes sobre total de solicitudes			
						Movilidade Institucional	Movilidade Propia	Formación	Outras causas
55	45	2	12	13	18	4,44%	26,67%	28,89%	40,00%

PDI (POD)	Número de Profesores da Titulación segundo o POD
Solicitudes (PL)	Número de Solicitudes de Permisos e Licencia
Movilidade Institucional	Movilidade do Programa Oficial de Movilidade ERASMUS
Movilidade Propia	Outra mobilidades: estadias en universidades españolas e estranxeiras para docencia e investigación, reunións de traballo, tribunais de teses...
Formación	Asistencia a congresos, conferencias... como ponente ou asistente
Outras Causas	Asuntos particulares

Sobre as accións destinadas a promover a formación do profesorado, aínda cabe sinalar que o Boletín mensual do Departamento de Ciencias da Comunicación, faise eco non só da oferta formativa mensual ofrecida pola USC, senón tamén de todos aqueles congresos e cursos que se desenvolven na escena nacional e internacional, de potencial interese para o PDI dos títulos.

Boletín Informativo do Departamento de Ciencias da Comunicación
Decembro de 2018

Novas do Departamento

- Francisco Campos Freire, novo catedrático da área de Xornalismo.
- Desde o Departamento de Ciencias da Comunicación, os mellores desexos dun Bo Nadal e próspero 2019.

Formación e innovación docente

Recollendo un dos obxectivos da Programación Plurianual da Facultade de Ciencias da Comunicación para o período 2015/2020, incorpórase como sección fixa a este boletín informativo o enlace correspondente á oferta de cursos de Formación e Innovación Docente da USC, convidando ao profesorado a participar destas actividades:
<http://www.usc.es/pl/servizos/pfid/pfid.html>

Congresos e eventos de interese (destácanse as novas incorporacións)

- **Mobilidade**

Os datos que ofrece a ACMP sobre a mobilidade do profesorado dos títulos, son os seguintes:

I-10 Porcentaxe de profesores/as que participan en programas de mobilidade sobre o total do profesorado do título . Curso 2021-2022

5012 - Facultade de Ciencias da Comunicación

Código RUCT	Plan	2016-2017		2017-2018		2018-2019		2019-2020		2020-2021		2021-2022	
		Porcentaxe	PDI total	Porcentaxe	PDI total	Porcentaxe	PDI total	Porcentaxe	PDI total	Porcentaxe	PDI total	Porcentaxe	PDI total
2501107	Grado en Comunicación Audiovisual	2,70%	37	2,98%	39	7,14%	42	8,98%	43	-	40	3,03%	33
2501111	Grado en Xornalismo	11,63%	43	2,27%	44	1,89%	53	11,25%	62	-	57	7,32%	41
4319055	Máster Universitario en Xornalismo e Comunicación: Novas Tendencias en Produción, Xestión e Difusión do Coñecemento	18,75%	18	12,50%	18	5,38%	18	10,25%	21	-	22	-	-
4317746	Máster Universitario en Xornalismo e Comunicación Multimedia: Novas Tendencias en Produción, Xestión e Difusión do Coñecemento	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	9,52%	21
2501111	Grado en Xornalismo (2a ed)	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	11,11%	18
2501107	Grado en Comunicación Audiovisual (2a ed)	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	18,18%	11

Nota: só se visualizan datos do total de profesorado nos cursos nos que houbo mobilidade.

Como se observa, a mobilidade do PDI incrementase no caso dos títulos de nova implantación.

- **Actividade investigadora**

Cabe incidir en dúas cuestións sinaladas con anterioridade, unha delas, o feito de que o centro ven elaborando unha base de datos coas estadias de investigación do profesorado, ao marxe dos programas institucionais suscritos pola USC; datos que se derivan das solicitudes de permisos de ausencia que realiza o PDI.

A seguinte cuestión xa abordada, é a relativa á distribución de sexenios de investigación entre o PDI con docencia nos títulos. Finalmente, na web da USC están expostas as liñas de investigación activas, vinculadas aos Grupos de Investigación adscritos ao Departamento de Ciencias da Comunicación, con sede no centro

<https://www.usc.gal/gl/departamento/ciencias-comunicacion/investigacion>

- **Detección de necesidades de persoal académico**

Tal como está previsto en *PC-02 Planificación das ensinanzas*, en atención ás memorias de verificación das titulacións que se imparten no centro, constitúe un obxectivo de calidade a dispoñibilidade de medios docentes, entre eles, os recursos humanos necesarios.

Así mesmo, en atención a *PS-01 Xestión dos recursos humanos*, o centro, tendo en conta os compromisos das memorias verificadas e a información contida na normativa de planificación académica anual, detecta as necesidades de persoal docente, de xeito que o Decano/a informa á Dirección do Departamento de Ciencias da Comunicación das mesmas, tralo cal, será o Consello do Departamento, tal como se rexistra na acta correspondente en cada caso, o encargado de formular as demandas de profesorado perante a vicerreitoría con competencias en persoal docente.

No seno do proceso PS-01 contéplase que, anualmente, no marco do proceso *PC-05 Análise dos resultados e mellora dos programas*, revisárase en cada comisión de título a adecuación do perfil do profesorado ao establecido na MVT e trasladárase á CCC a través dos informes de resultados (integrados, á súa vez, na Memoria de Calidade) ou de seguimento/acreditación dos títulos. A Comisión de Calidade do Centro revisará o perfil do profesorado así como os resultados da avaliación docente e deixará constancia da análise realizada na memoria de calidade do centro, de acordo co proceso *PE-02 Revisión e mellora*. Sen embargo, na práctica, as Comisións de Títulos, primeiro, e a Comisión de Calidade, despois, no marco da xa da Memoria anual de Calidade, e de xeito integrado coas deliberacións sobre o Persoal de Administración e Servicos, analizan a adecuación do perfil do PDI e do PAS ás necesidades formativas dos títulos.

- Evidencias da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade do persoal de apoio:
- Mantemento dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación

As novas Memorias verificadas dos títulos de grao e máster non conteñen ningunha previsión sobre a dotación de PAS. En canto á composición actual da plantilla de PAS con dedicación ao centro e aos seus títulos, é a que sigue (E16. Información sobre o persoal de apoio por Centro), si ben, debe terse en conta que o PAS destinado á Fonoteca da servizo a toda a Universidade, o mesmo sucede co PAS adicado ao Servizo de Medios Audiovisuais da USC:

E-16 Información sobre o persoal de apoio. Facultade de Ciencias da Comunicación. Curso 2021-2022				
Número Unidade	Escala/Categoría	Denominación posto	Antigüidade (no posto e escala)	
1	APOIO ADMINISTRATIVO DPTOS. CC COMUNICA	Escala auxiliar-administración	RESPONSABLE ADMINISTRATIVO	5 ano(s), 8 mes(es) e 0 día(s)
2	BIBLIOTECA CC. DA COMUNICACIÓN	E. auxiliar arquivos, bibliot. e museos	AUXILIAR ARQUIVO, BIBLIOTECA E MUSEO	13 ano(s), 5 mes(es) e 17 día(s)
3	BIBLIOTECA CC. DA COMUNICACIÓN	E. auxiliar arquivos, bibliot. e museos	AUXILIAR ARQUIVO, BIBLIOTECA E MUSEO	3 ano(s), 5 mes(es) e 13 día(s)
4	BIBLIOTECA CC. DA COMUNICACIÓN	E. auxiliar arquivos, bibliot. e museos	AUXILIAR ARQUIVO, BIBLIOTECA E MUSEO	13 ano(s), 5 mes(es) e 17 día(s)
5	BIBLIOTECA CC. DA COMUNICACIÓN	E. auxiliar arquivos, bibliot. e museos	AUXILIAR ARQUIVO, BIBLIOTECA E MUSEO	0 ano(s), 0 mes(es) e 9 día(s)
6	BIBLIOTECA CC. DA COMUNICACIÓN	E. auxiliar arquivos, bibliot. e museos	AUXILIAR ARQUIVO, BIBLIOTECA E MUSEO	16 ano(s), 9 mes(es) e 24 día(s)
7	BIBLIOTECA CC. DA COMUNICACIÓN	E. axud. arqu. bib. museo-sec. biblio.	AUXILIANTE DE BIBLIOTECA	2 ano(s), 7 mes(es) e 18 día(s)
8	BIBLIOTECA CC. DA COMUNICACIÓN	E. facultativos -sección biblioteca	DIRECCION BIBLIOTECA CENTRO	15 ano(s), 4 mes(es) e 17 día(s)
9	FAC. de CC. DA COMUNICACIÓN	Técnico especialista de investigación	TEC. ESP. INVESTIGACION-ESP. IMXE	4 ano(s), 7 mes(es) e 22 día(s)
10	FAC. de CC. DA COMUNICACIÓN	Técnico especialista de investigación	TEC. ESP. INVESTIGACION-ESP. IMXE	20 ano(s), 8 mes(es) e 27 día(s)
11	FAC. de CC. DA COMUNICACIÓN	Técnico especialista de investigación	TEC. ESP. INVESTIGACION-ESP. IMXE	8 ano(s), 9 mes(es) e 6 día(s)
12	FONOTECA	Técnico esp. fonoteca (a extinguir)	TEC. ESP. FONOTECA	22 ano(s), 1 mes(es) e 0 día(s)
13	PTO ATENCION INFORM SERV. CC COMUN	Técnico servizos xerais	RESPONSABLE PTO. ATENCION INFORM E SERVIZOS	20 ano(s), 8 mes(es) e 27 día(s)
14	PTO ATENCION INFORM SERV. CC COMUN	Técnico servizos xerais	TEC. SERV. XERAIS/AUX. TEC. SERVIZOS	19 ano(s), 2 mes(es) e 21 día(s)
15	PTO ATENCION INFORM SERV. CC COMUN	Técnico servizos xerais	TEC. SERV. XERAIS/AUX. TEC. SERVIZOS	9 ano(s), 7 mes(es) e 26 día(s)
16	PTO ATENCION INFORM SERV. CC COMUN	Técnico servizos xerais	TEC. SERV. XERAIS/AUX. TEC. SERVIZOS	17 ano(s), 7 mes(es) e 13 día(s)
17	SECRET. DECANATO CC. DA COMUNICACIÓN	E. Administrativa-Administración	SECRETARIA DE DECANATO	21 ano(s), 0 mes(es) e 27 día(s)
18	SERV. MEDIOS AUDIOVISUAIS (SERMIVAV)	Técnico especialista medios audiovisuais	TEC. ESP. MEDIOS AUDIOVISUAIS	5 ano(s), 7 mes(es) e 28 día(s)
19	SERV. MEDIOS AUDIOVISUAIS (SERMIVAV)	Técnico especialista medios audiovisuais	TEC. ESP. MEDIOS AUDIOVISUAIS	0 ano(s), 10 mes(es) e 0 día(s)
20	SERV. MEDIOS AUDIOVISUAIS (SERMIVAV)	Técnico especialista medios audiovisuais	DIRECTOR SERMIVAV	22 ano(s), 1 mes(es) e 0 día(s)
21	UNI. XEST. CENTRO DEP. CC. COMUNICA	E. Administrativa-Administración	RESPONSABLE UNIDADE	13 ano(s), 4 mes(es) e 22 día(s)
22	UNI. XEST. CENTRO DEP. CC. COMUNICA	Escala auxiliar-administración	POSTO BASE	2 ano(s), 4 mes(es) e 21 día(s)
23	UNIDADE AA. EE. CC. DA COMUNICACIÓN	Escala auxiliar-administración	RESPONSABLE ASUNTOS ECONOMICOS	0 ano(s), 6 mes(es) e 22 día(s)

Fonte: Base de datos de persoal da USC proporcionada pola Área de Tecnoloxías da Información e Comunicación (ATIC) actualizada a 1 de xullo de 2022

- Accións para promover a formación do persoal de apoio á docencia

Corresponde ó Xestor da Unidade Administrativa tanto a **difusión** das accións formativas de carácter institucional, destinadas ó PAS, das que se recibe información no centro –nomeadamente vía correo electrónico–; como a **tramitación** perante a Universidade de Santiago de Compostela daquelas que, por ser de interese para o colectivo, particularmente para os técnicos de apoio, sexan demandadas. Neste casim o xestor tramita os correspondentes permisos de ausencia.

PORCENTAJE DE PARTICIPACIÓN DO PAS NOS PLANES DE FORMACIÓN	Porcentaxe de PAS que realizou algún curso					
	2016-2017	2017-2018	2018-2019	2019-2020	2020-2021	2021-2022
	50,00%	48,00%	54,17%	66,67%	50,00%	56,52%

- Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións do persoal de apoio en relación co seu traballo

As queixas e suxestións centralízanse na figura do responsable da unidade administrativa, si ben, non consta ningunha en 2021-2022. Asemade, o PAS pode facer uso do buzón habilitado a tal efecto na intranet do centro.

Código	IN49C
Nome	Satisfacción do PAS co traballo desenvolvido
Procedemento de Cálculo	Valoración media da enquisa de satisfacción do PAS co traballo desenvolvido. Permite coñecer a opinión dese grupo de interese sobre o traballo que desenvolven.

	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22
Total	4,24	4,50	3,97	4,50	4,57	4,50

A continuación reproducense os resultados do Informe da enquisa de satisfacción do Persoal de Administración e Servizos da Facultade de CC. da Comunicación:

Informe Satisfacción 5012_Pas_centros 2021-2022

Curso Académico 2021-2022

Número de convidados: 24

Número de enquisas cubertas: 8

Taxa de participación: 33,33%

Rango de valoración das preguntas: 1-5

Pregunta	Puntuación Mínima	Valoración Media	Valoración global
Coñezo as miñas funcións e as miñas responsabilidades están claramente definidas	3	4.75	4.24
O sistema de reparto de cargas de traballo é axeitado	4	4.50	3.94
Síntome parte dun equipo de traballo	4	4.88	4.10
As miñas opinións e aportacións son tidas en conta á hora de mellorar a miña unidade	4	4.88	4.17
Sinto que a persoa responsable da unidade coordina e dirixe correctamente ao equipo de traballo	4	4.88	4.19
Estou coordinado con outras unidades da universidade	3	4.00	3.37
A comunicación entre o persoal da unidade e o/as usuarios/as é axeitada	4	4.63	4.27
O meu lugar de traballo é accesible e non percibo dificultades no seu acceso	4	4.88	4.35
O meu lugar de traballo é seguro (non percibo pouca salubridade ou toxicidade no ambiente, etc)	4	4.75	4.06
O meu posto de traballo está en boas condicións (mantemento das instalacións ou do mobiliario, por exemplo)	4	4.50	4.06
Os recursos dispoñibles para o desempeño do meu traballo son os axeitados (equipamento)	3	4.13	4.16
Síntome motivado/a no meu traballo	4	4.63	3.92
As miñas condicións laborais (salario, horarios, organización, etc.), son axeitadas.	3	4.13	3.74
A miña formación é importante para manter a calidade do meu traballo.	3	4.63	4.37
En xeral, síntome satisfeito/a co meu traballo	3	4.50	4.07

En 2020-2021 o ítem En xeral, síntome satisfeito/a co meu traballo, valorouse con 3,84. En 2021-2022, como se observa, o valo pasa a fronteira do 4. Como se indicou con anterioridade, convén incidir no aumento da taxa de participación do PAS.

- **Detección de necesidades de persoal de apoio á docencia**

O decanato e, no seu caso, o Departamento de Ciencias da Comunicación, en coordinación co Responsable da Unidade de Xestión Administrativa de Centro e de Departamento, tendo en conta a estrutura da que parten e que constatan as memorias verificadas dos títulos, a política de PAS da universidade, a planificación das ensinanzas e a información relativa á Satisfacción e incidencias deste colectivo, de ser o caso, comunican á Xerencia as necesidades de persoal de apoio detectadas. De todo o proceso déixase constancia a través da correspondente solicitude informatizada.

Anualmente, As Comisións de Títulos e a Comisión de Calidade do Centro, coincidindo coa elaboración da Memoria de Calidade do Centro, revisan a adecuación do persoal de apoio para o correcto desenvolvemento dos títulos, de acordo co estipulado nas MV dos títulos impartidos no centro.

Polo demais, ven sendo unha demanda reiterada, neste sentido, a creación dun posto base de apoio para a UXCD, en lugar da recorrente prolongación dun posto de reforzo intermitente.

Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos

Estándar: o centro ten implantados procedementos que garantan a mellora da calidade dos recursos materiais e servizos para o axeitado desenvolvemento da aprendizaxe do alumnado.

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e os servizos:
 - Mantemento, polo menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación e dos compromisos incluídos nelas, de ser o caso.
 - Disposición de accesibilidade universal e de medios que garantan a saúde e a seguridade no desenvolvemento das actividades de aprendizaxe.
 - Xestión e mantemento dos recursos materiais e servizos: equipamento científico-técnico, asistencia e artístico; campus virtual; TIC; aulas; salas de estudo; aulas de informática; salas de reunión; laboratorios; talleres; postos de lectura en biblioteca; servizos reprográficos; bibliografía recomendada, etc.
 - Detección de necesidades de novos recursos ou servizos.
- Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento...) e orientación profesional postos a disposición do alumnado son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os servizos de Xestión académica (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado...) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os programas de acollida e apoio ao alumnado oriéntano no funcionamento da institución.
- No caso de que os títulos contemplan a realización de prácticas externas, as instalacións onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias.
- Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativos aos recursos materiais e os servizos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

- ✓ Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e os servizos
- ✓ Mantemento dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación (E18. Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título)

En termos xerais, os recursos materiais de que dispón o centro, así como os servizos vinculados –que se concretan no préstamo de material técnico, na utilización de espazos con dotación técnica, así como na atención e asesoramento aos usuarios da biblioteca, a hemeroteca e a mediateca– son suficientes e axeitados, na súa concepción inicial e no seu desenvolvemento posterior, tanto ás características dos plans de estudos dos títulos de grao, dobre grao e máster que se imparten no centro, cuxa modalidade de impartición é presencial –si ben, durante o período especial da pandemia, a non

presencialidade, primeiro, e a semipresencialidade, despois, foron as modalidades de desenvolvemento da formación–; e tamén resultan axeitados para a consecución das competencias recollidas nas Memorias dos títulos, así como nos diferentes programas/guías docentes das materias. No obstante, a súa actualización parcial é unha tarefa que, anualmente, debe levarse a cabo, dadas as características das tecnoloxías utilizadas asociadas ás rutinas profesionais, como debido ao desgaste propio da formación práctica coa que contan case a totalidade das materias.

Aulas de propósito xeral

- 9 Aulas de propósito xeral, das cales 4 dispoñen de 108 postos (aulas 0, 1, 2 e 3), 1 de 96 postos (aula 4) e 4 de 80 postos (aulas 5, 6, 7 e 8); todas elas equipadas con dispositivos de proxección audiovisual e de conexión para eventos virtuais síncronos.
- 3 Aulas de visionado –de 108, 40 e 77 postos cada unha- equipadas con reprodutores de vídeo, pantalla e canón de proxección. A aula de Visionado 1 ten, ademais, un sistema integrado de videoconferencia.
- 1 Aula de seminario -de 60 postos- dotada con pantalla táctil e equipos audiovisuais de proxección e conexión, de uso versátil.
- 1 Auditorio equipado co material preciso para a realización de eventos de interese xeral e complementario para o alumnado das distintas titulacións (conferencias, debates, proxeccións, etc.), e tamén permite acoller actividades en colaboración co sector profesional que contribúen a reforzar a conexión da Facultade coas empresas de comunicación (xornadas, presentacións de produtos, etc.). Ademais, este auditorio empregouse, nos tempos da pandemia COVID-19, para ofrecer docencia 100% presencial ao alumnado dos primeiros cursos, co fin de minimizar no posible o impacto da pandemia no alumnado de nova incorporación á Facultade. Tamén, de xeito habitual, acolle eventos organizados pola Universidade de Santiago (USC), estando aberto tamén a outros colectivos da cidade e de Galicia, especialmente, o que enriquece o contacto do alumnado con organismos, institucións, asociacións e empresas.

Laboratorios e aulas con dotación específica

- 5 Aulas de informática dedicadas ao desenvolvemento das asignacións de laboratorio das materias asociadas a prensa e multimedia. As aulas dispoñen de 25, 28, 20, 22 e 12 postos, respectivamente, equipados con *software* específico para as prácticas de deseño, maquetación e creación de produtos para prensa escrita e multimedia.
- 2 Estudos de radio para a realización de prácticas de laboratorio radiofónico, que dispoñen ademais do material técnico necesario para a grabación, edición e reprodución das prácticas, de 30 postos cada un para audicións.
- 2 Platós de televisión co equipamento específico para a realización de programas de televisión, particularmente programas informativos (plató 1) e doutros xéneros (plató 2). Os platós teñen unha superficie de 139 m² e 124 m², respectivamente.
- 1 Plató de cine con tramoia, que complementa o material existente nos platós de televisión.
- 1 Plató de fotografía con equipamento preciso para a realización de sesións formativas.
- 1 Laboratorio de fotografía dotado con cinco postos e os materiais necesarios para a aprendizaxe das técnicas de revelado.
- 1 Aula de redacción televisiva informatizada, con 15 postos e orientada á edición en liña de programas. A aula está equipada co *software* necesario para a edición televisiva.
- 7 Cabinas de edición de vídeo que sirven para a realización de prácticas de laboratorio de televisión e multimedia. As cabinas supoñen en total 11 postos de edición, conversión de formatos e visionado.
- 1 Súa de doblaxe que serve para complementar os espazos de laboratorio radiofónico.
- 1 Estudio de postproducción de son, equipado para a realización de gravacións musicais que complementan os laboratorios das materias relacionadas co son.
- 1 Oficina de préstamo de material para as prácticas en exteriores do alumnado, dotada con todo tipo de equipamento (trípodes, gravadoras audio, cámaras de vídeo e de fotografía, kits de dispositivos móbiles, iluminación, microfonía, etc.).

Espazos de traballo para estudantes

- 2 Aulas de informática de libre acceso, de 19 e 24 postos, con impresoras e conexión a Internet.
- Biblioteca de libre acceso, con salas para a realización de traballos colectivos.

- Sala común con mesas de traballo, sillóns e microondas.

Asemade, dende setembro de 2020, o centro habilitou unha sala de illamento COVID; dotándose, ademais, do material regulamentario para a desinfección de mans, así como sinalización axeitada nos espazos docentes e zonas de tránsito. A sala estaba ubicada a carón da aula de informática 1, actual sala común do alumnado.

Ademais do anterior, debe destacarse que a USC ofrece, dende o desencadeamento da pandemia, e a conseguinte afectación da docencia presencial, unha plataforma destinada á realización de reunións, titorías e docencia virtual online en tempo real, **MTeams**, complementaria ao **Campus Virtual**. Estes recursos continúan empregándose na dinámica das aulas para reforzar e mellorar a calidade da actividade docente.

A totalidade de ditos espazos, así como a súa dotación específica poden apreciarse con detalle no seguinte enlace: <https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-ciencias-comunicacion/equipamentos>

Os recursos que acabamos de describir mantivéronse e ampliáronse en atención á propia natureza do títulos, dada a elevada porcentaxe de horas interactivas, o que require un soporte infraestrutural tecnolóxico en continua renovación:

Distribución horas interactivas (segundo a PDA do curso 2021/2022):

Titulación	Horas totais Titulación	Horas Lab	Horas Sem	Total Horas Interactivas	% Interactivas
Comunicación Audiovisual (1ª edición)	2.806,50	1.128,00	886,50	2014,50	71,78%
Comunicación Audiovisual (2ª edición)	720,00	288,00	96,00	384,00	53,33%
TOTAL	3526,50			2398,50	68,01%

Titulación	Horas totais Titulación	Horas Lab	Horas Sem	Total Horas Interactivas	% Interactivas
Xornalismo (1ª edición)	3.761,00	1.944,00	977,00	2921,00	77,66%
Xornalismo (2ª edición)	1.188,00	576,00	360,00	936,00	78,79%
TOTAL	4949,00			3857,00	77,93%

Titulación	Horas totais Titulación	Horas Lab	Horas Sem	Total Horas Interactivas	% Interactivas
Máster	706,00	288,00	156,00	444,00	62,89%

Estas cifras inclúen as horas interactivas (de seminario) que se asignan ás áreas de coñecemento por titorización de prácticas externas e TFG/TFM.

Gasto anual realizado polo centro en infraestructuras:



ESTADO DO PRESUPOSTO: GASTO

CENTRO: FACULTADE DE CIENCIAS DA COMUNICACIÓN

CÓDIGO DO CENTRO: 5012

Exercicio orzamentario: 2022

24/04/2023 13:37

PARTIDA PRESUPOSTARIA: 5012-301A-63000

CRÉDITO INICIAL: 34.406,00

CLAVE DE VENCELAMENTO:

CRÉDITO DEFINITIVO: 6.406,00

TÍTULO DA PARTIDA PRESUPOSTARIA: Obra RAM

AUTORIZACIÓNS: 6.403,15

TIPO: Anual

IMPORTE FACTURAS: 4.728,68

DATA DA ALTA: 01/01/2022

CRÉDITO DISPONIBLE: 2,85

IMP ORZAMENTO: 4.425,02

OBSERVACIÓNS:

Decana nomeada con data 19/05/2022

ANUL.	ID AUT	DATA AUT	IMP AUTORIZ	DESCRICION	OBSERVACIÓNS							
CIF/NIF	PERCEPTOR			Nº FAC	DATA FAC	IMP FACTURA	IMP ORZAMENTO	REF ADOP	T/OP	DATA PAGAM	D. PAG. CONTABLE	
OPERACIÓN SIC												
CM22501216	6	07/11/22	538,97	REPARACIÓN DESPERFECTO EN PASILLO POR FILTRACIÓN								
B74282781	CYS HISPANIA S.L.			FE22/115	29/11/22	575,96	538,97	30/11/2022	PF		22/12/22	
	0076240											
SUBTOTAL IMP. AUT:			538,97	SUBTOTAL IMP. APLICAR ORZ.:			538,97	CRÉDITO DISPONIBLE:		0,00		
CM22501221	0	29/11/22	3.886,05	INSTALACIÓN DE TOMAS DE CORRENTE EN CATRO AULAS DA FACULTADE								
B15522766	SARPEL INGENIERIA, S.L.			01164/22	14/12/22	4.152,72	3.886,05	11/01/2023	PF		31/01/23	
	0085325											

eSicus

Páxina 1 de 2

ANUL.	ID AUT	DATA AUT	IMP AUTORIZ	DESCRICION	OBSERVACIÓNS							
CIF/NIF	PERCEPTOR			Nº FAC	DATA FAC	IMP FACTURA	IMP ORZAMENTO	REF ADOP	T/OP	DATA PAGAM	D. PAG. CONTABLE	
OPERACIÓN SIC												
SUBTOTAL IMP. AUT:			3.886,05	SUBTOTAL IMP. APLICAR ORZ.:			3.886,05	CRÉDITO DISPONIBLE:		0,00		
CM22501221	5	02/12/22	1.978,13	COMPRA DE 6 PROXECTORES LED DE 125W PARA OS PLATOS CON								
						0,00	0,00					
SUBTOTAL IMP. AUT:			1.978,13	SUBTOTAL IMP. APLICAR ORZ.:			0,00	CRÉDITO DISPONIBLE:		1.978,13		

eSicus

Páxina 2 de 2

✓ **Disposición de accesibilidade universal e de medios que garantan a saúde e a seguridade no desenvolvemento das actividades de aprendizaxe**

No seu conxunto, os aspectos recollidos no título do epígrafe xestiónanse nos diferentes servizos centrais da USC (<http://www.usc.es/ql/servizos/>), dos cales cabe destacar:

- Servizo de Inclusión e Participación Social <https://www.usc.gal/es/servizos/area/inclusion-participacion-social>
- Servizo de Prevención de Riscos <http://www.usc.es/ql/servizos/sprl/>
- Oficina de Igualdade de Xénero <https://www.usc.gal/ql/servizos/unidades/oficina-igualdade-xenero>

Neste sentido, salientamos tamén que o centro dispón de contedores de reciclaxe (pilas, material fotográfico, papel/cartón, plásticos, material de rexistro audiovisual, soportes informáticos de almacenamento), etc. Ao tempo que se dispón de aparcadoiro específico de bicicletas a carón da entrada principal.

Noutra orde de cousas, o centro dispón de unidades informáticas para invidentes, así como de pupitres adaptados a estudantes con discapacidades/peculiaridades motrices. Desde o punto de vista arquitectónico, a colocación de carrís nas ramplas exteriores de acceso ao centro, responden así mesmo a un propósito de adaptación responsable ás normativas de accesibilidade universal. Do mesmo xeito, o centro dispón de botiquín de primeiros auxilios, entre cuxo material destaca un desfibrilador.

Asemade, dende setembro de 2020, o centro habilitou unha súa de illamento COVID; dotándose, ademais, do material regulamentario para a desinfección de mans, así como sinalización axeitada nos espazos docentes e zonas de tránsito.

✓ **Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento...) e orientación profesional postos a disposición do alumnado son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas**

Asemade, a USC acomete, en parte, os servizos de orientación académica e de orientación profesional (E19. Información sobre servizos de orientación académica e programas de acollida), a través de:

- Oficina de Información Universitaria (OiU) <http://www.usc.es/ql/servizos/oiu/>
- Servizo de Axudas e Servizos ao Alumnado <http://www.usc.es/ql/servizos/axudas/>
- Servizo Universitario de Residencias <https://www.usc.gal/ql/servizos/area/residencias>
- Área de Orientación Laboral e Emprego <https://www.usc.gal/ql/servizos/area/orientacion-laboral-emplego>

Porén, a Facultade proporciona orientación académica e profesional relativa ós seus títulos:

1. No ámbito das prácticas externas, a través da coordinación docente e da Oficina de Seguimento de Prácticas da Facultade, cunha técnico destinada especificamente á xestión administrativa das mesmas. Asemade, o alumnado titor, mantén aberta unha liña (vía correo electrónico) de axuda ó alumnado en prácticas, de cara a facer un seguimento de posibles queixas e suxestións.
2. No ámbito da mobilidade, a través da coordinación docente e da Unidade Administrativa da Facultade.
3. No ámbito do desenvolvemento dos programas formativos, a través da coordinación docente dos títulos (coordinadores de títulos e coordinadores de curso) e dos delegados de curso, quen se reúnen periodicamente para a posta en común de información, pareceres, queixas, etc. relativas ós títulos.
4. No ámbito do desenvolvemento de TFG/TFM, será a coordinación docente dos mesmos quen informa ao alumnado, xunto coa Unidade Administrativa da Facultade.
5. No ámbito do acceso á universidade, a coordinación do programa A Ponte na Facultade, organiza as visitas ó centro solicitada por Institutos de secundaria e bacharelato.
6. No tocante á orientación profesional, a Facultade organiza encontros ao longo do curso con profesionais do xornalismo e da comunicación, dos cales se deixa constancia nas redes sociais do centro. Organiza tamén cursos de formación extracurricular destinados a instruír e familiarizar ao alumnado con diferentes nichos laborais.

Tendo en conta o perfil de ingreso e egreso definido nas titulacións do centro, as comisións dos títulos establecen as accións de acollida e orientación aos estudantes, do que deixan constancia en acta. A Comisión de Calidade do Centro supervisa e, de ser o caso, aproba as accións de atención ao estudantado e propón a súa difusión, de acordo co proceso *PC-06 Información pública*.

- ✓ Os servizos de Xestión académica (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado...) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas

Servizo de Xestión Académica - UXA Norte <https://www.usc.gal/gl/servizos/unidades/servizo-xestion-academica>

- ✓ Os programas de acollida e apoio ao alumnado oriéntano no funcionamento da institución

A acción titorial da Facultade de Ciencias da Comunicación céntrase na figura do alumno/a titor/a, correspondéndonos 8 prazas distribuídas ao 50% entre os dous graos que aquí se imparten; do mesmo xeito, pode participar e, de feito, participa o alumnado de Dobre Grao. O alumnado titor non só intervéñ na xornada de acollida ao estudantado de novo ingreso, senón que realiza un labor de apoio presencial e vía correo electrónico ao longo de todo o curso. A incentivación na participación das enquisas de satisfacción do alumnado, o seguimento do programa de prácticas, a intervención pautada según protocolo nos casos de potencial abandono dun título, así como a toma de decisións na Comisión de Calidade e a contribución activa a tódolos requerimentos do Programa A Ponte (visitas de alumnado de Bacharelato ao centro, atención a orientadores de centros de secundaria, etc.); todas elas son tarefas que desenvolve o alumnado titor do centro.

- ✓ Xestión e mantemento dos recursos materiais e servizos: equipamento científico-técnico, asistencial e artístico; campus virtual; TIC; aulas; salas de estudo; aulas de informática; salas de reunión; laboratorios; talleres; postos de lectura en biblioteca; servizos reprográficos; bibliografía recomendada, etc.

(E18. Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título)

Cabe facer referencia aos espazos destinados ao persoal docente: dispónse de 32 despachos para PDI, 24 dos cales son individuais e destínanse fundamentalmente a albergar ao PDI estable; en canto aos 8 restantes, destínanse a uso colectivo, pois teñen maior amplitude, estando dotados de máis mobiliario, de aí que se reserven a profesores asociados, interfacultativos ou bolseiros. Así mesmo, dispónse de 2 salas de reunións amplas: Sala de Xuntas do Departamento, destinada sobretudo á celebración de consellos de departamento e comisións de doutoramento; e Sala de Xuntas da Facultade, destinada sobre todo á celebración do pleno da Xunta de facultade e reunións das diferentes comisións do centro, esta é, ademais, sala de videoconferencias.

Dispónse, así mesmo, de 3 locais destinados ao desenvolvemento de actividades de investigación, os cales albergan, respectivamente, aos grupos de investigación con sede e actividade no centro. Ditos locais están ocupados por técnicos de investigación e bolseiros sufragados por estes grupos, así como material informático e outro, de carácter tecnolóxico, do cal se van dotando ditos grupos para o desenvolvemento da súa actividade.

Destacaremos a existencia doutros espazos:

- Un Aula de Seminario III, espazo dotado de material de reprodución de audio e vídeo, no cal se desenvolve a docencia destinada ao programa de doutoramento.
- Unha sala destinada a dispensar material técnico utilizado nas materias con carga interactiva: cámaras, micrófonos, material de iluminación, gravadoras de son, tripodes, etc. Todo isto, sexa para uso dentro das aulas técnicas, sexa para saídas ao exterior, dispénsase en dita sala, na que se encontra, ademais, o despacho do persoal técnico asignado aos títulos.
- Un Auditorio con capacidade para albergar a 300 persoas, dotado con proxector de vídeo, mesa de son e proxector de cine de 35mm; este espazo dá cabida a numerosos congresos que, ao longo do curso académico, a comunidade

universitaria desenvolve no noso centro, dadas as magníficas características acústicas deste espazo, así como a súa dotación técnica.

- Un espazo identificado como P-1, reservado a reunións de representantes do noso alumnado nos órganos colexiados de goberno da Facultade e da USC; así como un espazo destinado ao labor de atención ao estudantado que realiza o alumnado-titor.

Cabe sinalar a propósito da **Biblioteca** <https://www.usc.gal/gl/servizos/area/biblioteca-universitaria/biblioteca-ciencias-comunicacion> do centro que esta conta con 880 m2 de uso público, repartidos en dous espazos que ofrecen 196 postos de lectura. Así mesmo, tanto as 2 salas centrais de estudo, como as dúas salas de traballo colectivo, permiten o acceso directo aos fondos hemerográficos, monográficos e filmicos. A mediateca conta con 4 cabinas equipadas con reprodutores para VHS e DVD, 8 cabinas con acceso a Internet, 1 das cales se destina a campañas solidarias, isto é, ao rexistro de horas de estudio en maratóns solidarios organizados dende a Oficina de Voluntariado da USC. Por último, a biblioteca conta cunha sala de uso restrinxido para PDI e doutorandos, na que se atopan os principais fondos hemerográficos de investigación, así como a colección bibliográfica especializada Pillado.

No que atinxe non só aos fondos bibliográficos da , senón tamén ao fondos hemerográficos e aos fondos audiovisuais, no enlace que se adxunta pode encontrarse a relación precisa de todos eles:

<https://www.usc.gal/gl/servicios/area/biblioteca-universitaria/puntos-servizo>

A Biblioteca da Facultade de Ciencias da Comunicación, en tanto integrante de BUSC, ofrece un servizo de acceso a libros en formato electrónico a través da súa plataforma PRELo <https://prelo.usc.es/> que da acceso aos libros licenciados polos centros, ofertados polo mundo editorial. A colección de recursos electrónicos complementáase co fondo, tamén licenciado, a través do portal PÓRTICO <https://sfx.bugalicia.org/san/journalsearch> (buscador SFX) onde se pode atopar todo tipo de recursos electrónicos.

Debemos facer referencia á **Fonoteca da Universidade**, cuxa sede se encontra no centro, ao tempo que ao **SERVIMAV** <https://www.usc.gal/es/servicios/unidades/servicio-medios-audiovisuales-servimav> Servizo de Medios Audiovisuais destinado a elaborar documentos didácticos, fundamentalmente, que serven de apoio á docencia e á investigación na USC, ao tempo que custodia fondos audiovisuais da USC.

O alumnado tamén dispón de **Sala Wifi**: un espazo aberto, próximo ao aulario, dotado con mobiliario (mesas e cadeiras) e varios puntos de conexión á rede eléctrica, no cal se reúnen os estudantes sobre todo para desenvolver traballos conxuntos. Asemade, o centro dispón dunha **Aula de uso común** (aula 4), equipada con microondas e sillóns e outro mobiliario, para o estudantado que precise dun espazo do esparcemento para realizar algunha das comidas do día.

En suma, os recursos materiais postos a disposición da comunidade universitaria son os axeitados, dada a natureza dos títulos –xa se fixo referencia á carga de horas interactivas como proba do carácter técnico (experimental), en boa medida, destas ensinanzas– e dada tamén a súa modalidade presencial, o que obriga a dispoñer de espazos físicos para o desenvolvemento de tales ensinanzas. Ademais do cal, a USC ofrece unha plataforma destinada á realización de reunións, titorías e docencia virtual online en tempo real, **MTeams**, e complementariamente un **Campus Virtual (E22. Materiais didácticos e/ou tecnolóxicos que permitan unha aprendizaxe a distancia)** que posibilita, a través das súas aulas virtuais, establecer unha relación formativa docente/discente non presencial, complementaria ás clases expositivas e ás clases interactivas de carácter presencial, a fin de facilitar ao alumnado información sobre tarefas, recepción de traballos, organización de foros, notificacións, avisos, organización de axendas de traballo, envío de material bibliográfico, audiovisual, gráfico, envío de probas de avaliación, etc. Todo o cal palía a dependencia con respecto ao centro por parte do alumnado no desenvolvemento da súa aprendizaxe.

En canto ao **equipamento informático e ao material técnico** co que contan os títulos, a dependencia dos mesmos é elevada, en especial no caso das ensinanzas con horas interactivas, si ben isto tamén é aplicable a esas outras, de carácter expositivo, no marco das cales precisáanse mostras de vídeo e de audio de cara a desenvolver, ilustrar, esclarecer, etc., planteamentos teóricos e/ou analíticos. Debe destacarse a esixida calidade do equipamento informático e do material técnico, debido á necesidade de utilizar estándares profesionais na produción de contidos.

O número de ordenadores conectados á rede destinados á docencia é o que se detalla máis abaixo; así mesmo detállase

o número de ordenadores conectados á rede de uso non docente, a esta cifra debe engadirse o número de terminais portátiles que utiliza de modo particular o PDI e o propio alumnado; todo o cal permite falar dunha elevada dotación en canto a dispositivos informáticos, en sintonía coa dependencia que as actuais ensinanzas/aprendizaxes manifestan destes dispositivos. Debe destacarse, finalmente, que o aulario dispón de terminais informáticas, acceso remoto a proxectores de vídeo, equipos de son HD e acceso a Internet.

Curso 2018-2019

Ordenadores destinados á docencia:

- Aulas 0 – 8: 1 ordenador por aula (9)
- Aula de Informática 1: (21)
- Aula de Informática 2: (29)
- Aula de Informática 3: (33)
- Aula de Informática 5: (22)
- Aula de Informática 6: (26)
- Portátiles para PDI: (6)

TOTAL: 146

Ordenadores destinados a uso non docente:

- Portátiles de préstamo para o alumnado: (14)

Curso 2019-2020

Ordenadores destinados á docencia:

- Aulas 0 – 8: 1 ordenador por aula (9)
- Aula de Informática 1: 17
- Aula de Informática 2: 19
- Aula de Informática 3: 32
- Aula de Informática 5: 23
- Aula de Informática 6: (26)
- Portátiles para PDI: 8

TOTAL: 134

Ordenadores destinados a uso non docente:

- Portátiles de préstamo para o alumnado: 9

O descenso que se aprecia no material informático débese a que, con máis frecuencia, a comunidade universitaria dispón dos seus propios terminais.

✓ **Detección de necesidades de novos recursos ou servizos**

Coincidindo co proceso clave *PC-02 Planificación das ensinanzas*, o equipo decanal identifica as necesidades de recursos materiais, determinando aquelas que debe cubrir con cargo ao seu orzamento, fronte aqueloutras que debe comunicar aos servizos centrais para a súa tramitación –a diferenza estriba, esencialmente, da cuantía do gasto. Ditas necesidades teranse en conta nos procesos estratégicos do Sistema de Garantía de Calidade (*PE-02 Revisión e mellora*), na medida en que sexan susceptibles de integrar o Plan Anual de Accións de Mellora.

Polo demais, a planificación dos recursos materiais é abordada no marco do proceso *P02-Revisión e mellora*: ao fío da elaboración da Memoria de Calidade do Centro (MCC), a Comisión de Calidade (CCC) realiza unha valoración dos recursos materiais, tendo en conta especialmente os compromisos incluídos nas memorias de verificación dos títulos relativos a recursos e infraestruturas. Tamén se teñen en conta, de selo caso, as recomendacións xurdidas dos procesos de verificación, seguimento, modificación e acreditación dos títulos que se imparten no centro.

Ao finalizar o ano, o decano presenta na Xunta de Facultade (tal como se recolle en acta) unha Memoria de execución do orzamento do centro, na que se dá conta do gasto realizado por conceptos; sendo, principalmente, recursos e mellora de

infraestructuras os conceptos nos que se realiza a meirande parte do gasto.

✓ **Prácticas externas, as instalacións onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias**

Ademais da propia Facultade de Ciencias da Comunicación, de cuíos espazos xa demos conta, as instalacións daqueles centros empresariais e institucionais que manteñen activos os seus convenios de prácticas coa Facultade de Ciencias da Comunicación son axeitadas, a xulgar polos resultados das enquisas dos estudantes, e considerando que cada convenio se estudia con detemento e se visitan as sedes ás que se destinan os estudantes. Ditos convenios aparecen referenciados na web da Facultade (E20 Listado de centros e entidades para a realización de prácticas externas curriculares e extracurriculares) <https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-ciencias-comunicacion/practicas>

Así como a distribución do alumnado por centro de prácticas I11 (Distribución de alumnado por centro de prácticas).

✓ **Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativos aos recursos materiais e os servizos.**

Diferentes enquisas de satisfacción e informes, destinadas a distintos grupos de interese, conteñen datos sobre recursos materiais e servizos, como se indica a continuación. Concretamente, expóñense os ítemes relativos a infraestructuras nos seguintes informes, todos eles anteriormente explorados:

Nivel de centro:

- Informe da enquisa de satisfacción do Persoal de Administración e Servizos da Facultade de Ciencias da Comunicación -xa explorado-:

Ítem. O meu posto de traballo está en boas condicións (mantemento das instalacións ou do mobiliario, por exemplo): 3.94 (20-21), **4,50** (21-22). A valoración global USC 4,06.

